



TRABALLO DE FIN DE GRAO

Programación anual para o 2º ciclo da Educación Infantil “*Un ano de sensacións*”.

Programación anual para el 2º ciclo de Educación Infantil “*Un año de sensaciones*”.

Annual Program for the 2nd Cycle of Early Childhood Education “*One Year of Sensations*”.

Cristina Fraga Martínez

Dir.^a Rosa Méndez García

Grao en Educación Infantil

2013

Resumen.

Este traballo responde ao obxectivo xeral de deseñar un proxecto anual dirixido ao alumnado do segundo ciclo de educación infantil, concretamente aos nenos e nenas de 3 a 4 anos.

O seu contido organízase en tres grandes partes nas que se vai articulando unha proposta didáctica flexible, contextualizada e innovadora:

Na primeira, realízase unha xustificación teórica da proposta didáctica dende a perspectiva psicolóxica, a perspectiva pedagóxica, a perspectiva epistemolóxica e a perspectiva sociolóxica. Na segunda, defínese a proposta a través dos obxectivos e contidos seleccionados, do grao de contribución á consecución das competencias básicas, da proposta de experiencias e pequenos proxectos que parten da manipulación e experimentación de diversos materiais sensoriais coa finalidade de contribuír ao desenvolvemento integral do alumnado e, por último, da proposta de avaliación na que se contemplan todos os implicados no proceso de ensino-aprendizaxe. Na última parte recóllense as valoracións e conclusións que xorden a partir do deseño realizado e a aplicabilidade deste.

Palabras Chave:

Educación Infantil, proposta didáctica, sensacións, experimentación, arte.

ÍNDICE

- 1. INTRODUCCIÓN. | 5**
- 2. OBXECTIVOS DO TRABALLO DE FIN DE GRAO. | 6**
- 3. XUSTIFICACIÓN TEÓRICA E CONTEXTUALIZACIÓN. | 7**
 - 3.1. Perspectiva psicolóxica. | 7**
 - 3.1.1. Características evolutivas do alumnado. | 7
 - 3.1.2. Características da aprendizaxe do alumnado. | 9
 - 3.2. Perspectiva pedagóxica. | 11**
 - 3.2.1. O rol do alumnado. | 12
 - 3.2.2. O rol do profesorado. | 13
 - 3.2.3. A importancia da parella educativa. | 13
 - 3.2.4. A figura do atelierista. | 13
 - 3.2.5. O papel do entorno na ensinanza. | 14
 - 3.2.6. O atelier ou obradoiro como espazo flexible. | 14
 - 3.2.7. O traballo por proxectos. | 15
 - 3.2.8. O poder da documentación. | 16
 - 3.2.9. A relevancia da colaboración coas familias. | 17
 - 3.2.10. A participación da comunidade educativa. | 17
 - 3.2.11. A importancia do xogo. | 18
 - 3.3. Perspectiva epistemolóxica. | 19**
 - 3.4. Perspectiva sociolóxica. | 20**
- 4. DESENVOLVEMENTO DA PROPOSTA DIDÁCTICA. | 22**
 - 4.1. Título. | 22**
 - 4.2. Presentación. | 22**
 - 4.3. Obxectivos. | 23**
 - 4.4. Contidos. | 25**
 - 4.5. Competencias básicas. | 30**

4.6. Proposta metodolóxica. | 32

4.6.1. Principios metodolóxicos. | 32

4.6.2. Relación de experiencias e proxectos. | 38

4.7. Proposta de avaliación. | 44

4.7.1. Criterios de avaliación. | 44

4.7.2. Avaliación da aprendizaxe do alumnado. | 45

4.7.3. Avaliación do profesorado. | 46

4.7.4. Avaliación da proposta didáctica. | 47

4.8. Atención á diversidade. | 48

4.9. Actividades complementarias e extraescolares. | 48

5. VALORACIÓN, CONCLUSIÓNS E APLICABILIDADE. | 49

6. BIBLIOGRAFÍA. | 50

7. ANEXOS. | 53

ANEXO 1: Benvidos ao cole. | 53

ANEXO 2: A vendima. | 55

ANEXO 3: Mel de abella. | 57

ANEXO 4: O Samaín. | 59

ANEXO 5: Arte a saco. | 61

ANEXO 6: As sensacións das cores. | 67

ANEXO 7: Gústame o chocolate. | 73

ANEXO 8: Café ou té? | 75

ANEXO 9: Festa rachada. | 77

ANEXO 10: Que tal vexetal? | 81

ANEXO 11: En abril flores mil. | 83

ANEXO 12: Especies surtidas. | 85

ANEXO 13: Xardín aromático. | 87

ANEXO 14: Froitos vermellos: amorodos, framboesas e cereixas. | 89

ANEXO 15: Un verán na praia. | 91

ANEXO 16: Actividades complementarias e extraescolares. | 93

1 INTRODUCCIÓN.

Neste traballo realízase o deseño dun proxecto anual dirixido ao alumnado do segundo ciclo da educación infantil, concretamente aos nenos e nenas de 3 a 4 anos, no que se propoñen diferentes experiencias e pequenos proxectos cos que experimentan multitude de sensacións que favorecen o seu desenvolvemento integral.

Esta proposta educativa nace a partir da experiencia persoal obtida durante a realización do Practicum II nun colexio público onde se imparte o segundo ciclo da educación infantil e os seis cursos da educación primaria. Trátase dun centro pequeno de liña 1 que conta con 9 unidades e unha ratio inferior á legalmente establecida e que, ademais, está situado nunha zona rural que favorece o contacto directo co medio natural.

Todas estas características permitiron, durante o transcurso desta materia, o deseño e a posta en práctica de moitas das experiencias que, despois de numerosas reflexións e as correspondentes modificacións de mellora, se recollen nesta programación xunto con outras para elaborar a planificación anual que aquí se recolle.

Con ela preténdese organizar a acción educativa cun corte innovador e dende un enfoque globalizador tendo en conta os diferentes aspectos que se contemplan no Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta programación concíbese como unha guía para o desenvolvemento da práctica educativa no centro partindo do principio fundamental de flexibilidade, por tanto, non debe entenderse de forma ríxida, xa que está pensada para que os nenos e nenas sexan os protagonistas no proceso de aprendizaxe.

2 OBXECTIVOS DO TRABALLO DE FIN DE GRAO.

O obxectivo xeral deste traballo é deseñar unha programación anual para o segundo ciclo da educación infantil, concretamente para nenos e nenas de 3 a 4 anos.

Para alcanzar este obxectivo xeral establécense obxectivos específicos que se detallan a continuación:

- ✓ Fundamentar a proposta didáctica dende a perspectiva psicolóxica, a perspectiva pedagóxica, a perspectiva epistemolóxica e a perspectiva sociolóxica.

- ✓ Seleccionar os obxectivos e concretar os contidos de traballo a partir do *Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia*.

- ✓ Establecer o grao de contribución á consecución das oito competencias básicas que contempla o currículo da educación infantil.

- ✓ Proponer un conxunto de proxectos e experiencias que, de acordo coa literatura consultada e o currículo da educación infantil, respondan a unha proposta didáctica flexible, contextualizada e innovadora.

- ✓ Formular unha proposta de avaliación coherente co proceso de ensino-aprendizaxe e que atenda a todos os implicados no mesmo.

3 XUSTIFICACIÓN TEÓRICA E CONTEXTUALIZACIÓN.

A proposta didáctica que se presenta a continuación fundaméntase en catro perspectivas que contribúen a explicar o sentido e razón de ser da mesma: perspectiva psicolóxica, perspectiva pedagóxica, perspectiva epistemolóxica e perspectiva sociolóxica.

3.1 PERSPECTIVA PSICOLÓXICA.

Para planificar á acción educativa, é imprescindible ter en conta dous factores de gran importancia: as características evolutivas do alumnado ao que vai dirixida e as características da aprendizaxe deste.

3.1.1 Características evolutivas do alumnado.

A proposta didáctica que se presenta neste traballo está dirixida a nenos e nenas de 3-4 anos, polo que é necesario ter presentes as características evolutivas do alumnado desta idade. Prestando atención ás diferentes áreas de desenvolvemento (cognitiva, psicomotriz e socio-afectiva). Neste sentido, compre advertir que o que un neno ou nena sabe facer nun momento determinado depende de múltiples factores, en termos xerais, pódese dicir que as súas capacidades actuais están definidas pola interacción entre a maduración físico psíquica (crecemento, calendario madurativo) e as posibilidades que lle ofreceu o entorno ata o momento (as relacións coas persoas, os obxectos, as situacións educativas en que participou) (Bassedas, Huguet, & Solé, 1998).

A continuación, de maneira máis pormenorizada e seguindo a estas mesmas autoras, sintetízanse as características evolutivas das nenas e nenos de 3 a 4 anos, atendendo ás diferentes áreas de desenvolvemento.

➤ Área cognitiva.

A nivel cognitivo, comeza a afianzarse a función simbólica, non só en relación coa adquisición da linguaxe, senón tamén facilitando a representación constante do mundo que os rodea. Ademais, mostran gran interese polo coñecemento deste e elaboran as súas propias explicacións sobre el.

Os nenos e nenas atópanse nunha etapa sensorial na que aprenden a partir da interacción co medio e dos estímulos que perciben a través dos sentidos. Pouco a pouco adquiren a aprendizaxe intuitiva polo que comezan a prever as consecuencias das súas accións e empezan a solucionar os problemas que se lles presentan na súa vida cotiá e a organizar a realidade.

Comezan a ser capaces de realizar deducións simples e clasificacións seguindo criterios moi sinxelos. Pero a esta idade terán dificultades para establecer relacións causais, espaciais, temporais e lóxicas.

O desenvolvemento da linguaxe é unha característica moi importante na área cognitiva. Ademais os nenos e nenas interésanse pola lectura e a escritura e, así, realizan moitas preguntas, falan de todo o que ven e gústalles escoitar para aprender.

➤ Área psicomotriz.

No ámbito psicomotriz, os nenos e nenas móstranse independentes e senten atracción pola actividade física. Posúen habilidades motrices básicas que se axustan de forma progresiva. Así, son capaces de camiñar, correr, saltar, reptar, etc. Nesta idade son moi áxiles, e os seus movementos son suaves e harmónicos. Teñen certo dominio do ton muscular e do equilibrio polo que son capaces de balancearse, inclinarse, xirar, dobrarse, agacharse, manter o equilibrio sobre diferentes superficies, manterse sobre un so pé, manter o equilibrio estático cos ollos pechados, etc. Pouco a pouco van coñecendo o seu propio corpo e as súas posibilidades e limitacións de movemento.

Mostran algunhas dificultades nas actividades que requiren unha boa coordinación óculo-manual. Aínda así, son capaces de abotoar botóns grandes e de realizar lanzamentos e recepcións de pelotas. Pouco a pouco exercerán control sobre o lapis e tamén irán controlando, de forma progresiva, a partida e a chegada do trazado que realizan. As habilidades viso-motoras como pintar, coser, recortar, pinchar, repasar, etc. vanse volviendo mais precisas e os nenos e nenas melloran a coordinación e a disociación dos movementos implicados.

Nesta idade os nenos e nenas empregan a man dereita e a man esquerda indistintamente. É importante non presionalos nesta preferencia xa que irán afianzando a súa lateralidade de forma progresiva.

➤ Área socio-afectiva.

A nivel socio-afectivo, é frecuente que nestas idades, os pequenos empecen a opoñerse para reforzar a súa propia personalidade e autonomía.

Son egocéntricos, é dicir, só contemplan o seu punto de vista e non teñen en conta o dos demais. Pouco a pouco irán descubrindo que este non ten por que ser o mesmo que o dos seus compañeiros.

Móstranse interesados polos temas relacionados coa sexualidade (diferencias entre homes e mulleres, orixe da vida, conductas sexuais entre adultos ou animais que poden observar, etc.) e afianzan a súa identidade sexual e de xénero que empregan para definir as súas preferencias.

Adquiren autonomía nos hábitos de hixiene e alimentación. Teñen o control de esfínteres adquirido, comen e beben sós, son capaces de vestirse e espirse sós aínda que necesitan axuda con algunhas prendas.

A esta idade tamén comezan as primeiras amizades, gústalles estar con outros nenos e nenas a pesar do seu egocentrismo e a súa dominancia. Así, establecen relacións afectivas fóra da familia e o seu círculo social vaise ampliando progresivamente. Asemade, terán lugar as primeiras pelexas e rivalidades.

Do mesmo xeito, comezan a coñecer e assimilar algunhas normas sociais e comprenden a importancia de compartir e comezan a facelo. Ademais, teñen o seu propio concepto da xustiza.

3.1.2 Características da aprendizaxe do alumnado.

Os nenos e nenas aprenden coñecementos, hábitos, destrezas e habilidades de diferentes formas. (Bassedas, Huguet, & Solé, 1998) recollen as diferentes maneiras de aprendizaxe expostas por diversos referentes teóricos ao longo da historia, da psicoloxía e da pedagogía, das que é importante destacar: a aprendizaxe a través da experiencia cos obxectos, a aprendizaxe a través da experiencia con situacións, a aprendizaxe por imitación e a aprendizaxe a través da formación de andamios por parte do adulto.

Seguindo a estas autoras podemos analizar cada un destes tipos tendo en conta que estes non existen de forma illada xa que todos eles contribúen á aprendizaxe e desenvolvemento das persoas en situacións globais.

➤ A experiencia cos obxectos.

Os nenos e nenas inician o proceso de coñecemento dende moi pequenos mediante a exploración de obxectos. A experimentación constante con diferentes elementos do medio posibilita o coñecemento do mundo que os rodea. Durante a infancia, a actividade que levan a cabo con estes irá variando a medida que o neno ou nena se desenvolve. O contacto con obxectos a través do xogo individual, en grupo ou co adulto proporciona aprendizaxes básicos durante toda a etapa de educación infantil. Por este motivo é

importante favorecer situacións de xogo nas que os nenos e nenas experimenten e manipulen diferentes tipos de obxectos e materiais.

➤ A experiencia con situacións.

Todas as situacións ou rutinas da vida cotiá xunto coas situacións espontáneas son experiencias que lle permiten ao neno ou nena coñecer como funciona o seu entorno. As rutinas ou experiencias que se repiten axúdanlle aos cativos e cativas a establecer esquemas de coñecemento. A adquisición deste coñecemento apórtalles sensación de control e seguridade sobre acontecementos cotiás xa que poden anticiparse á situación predicindo sucesos ou creando expectativas. A estabilidade destas rutinas é moi importante na aprendizaxe de hábitos, normas de conduta ou actitudes.

As actividades cotiás son de gran importancia e significado no desenvolvemento e aprendizaxe dos nenos e nenas. Nestas actividades intervén un cúmulo de sensacións que lles permite establecer toda unha serie de relacións e asociacións que lles facilitan a adquisición dos primeiros coñecementos e a comprensión das situacións vividas. A repetición, o ritual que comportan, a posibilidade de relación individualizada coa persoa adulta, a exercitación da súa autonomía son, entre outros, algúns dos aspectos que as converten nunhas actividades non só privilexiadas, senón tamén insubstituíbles para o desenvolvemento das capacidades e a aprendizaxe dos nenos e nenas, así como para o seu benestar (Llenas & Thió de Pol, 2005)

➤ A imitación ou modelado.

As nenas e nenos destas idades tamén aprenden por imitación ou modelado. As persoas que son importantes para eles convértense en modelos dos que imitan expresións, maneiras de facer, actitudes e comportamentos.

En moitas ocasións, a imitación de situacións transformase en momentos de xogo simbólico nos que se pode representar tanto experiencias agradables como situacións dolorosas.

➤ A aprendizaxe mediante a creación de andamios ou aprendizaxe compartida.

Trátase dunha aprendizaxe compartida na que o papel de cada un dos implicados varía ao longo da secuencia de interacción. Cando o neno ou nena é moi pequeno o peso da relación recae no adulto que é o que dirixe esta intervención. A medida que este crece e coñece secuencias da intervención adquire un papel máis activo. Así, o adulto deixa que

o neno ou nena participe na actividade e invítalo a facelo potenciando o seu desenvolvemento.

A metáfora do andamio que se emprega para construír edificios serve para explicar a interacción que se produce neste tipo de aprendizaxe. Esta non se constrúe da nada, precísase de apoios e partir de aprendizaxes anteriores para adquirir unhas novas. Cando remata o proceso estes apoios xa non son necesarios.

Para que a interacción contribúa ao desenvolvemento persoal do neno ou nena, en primeiro lugar, é necesario que este teña certo grao de maduración que sirva de base a novos niveis de desenvolvemento. En segundo lugar, estas interaccións deben axustarse as súas necesidades, é dicir, a axuda proporcionada ao neno ou nena debe ser adecuada ás dificultades que poida atopar nas actividades que realice. Por último, é necesario que as situacións de interacción sexan motivadoras para os pequenos e pequenas e que, ademais, a relación entre os adultos e os cativos sexa positiva. Estas son as premisas básicas da teoría construtivista da aprendizaxe defendida por autores como Ausubel, Bruner e Vigotsky. (Juan Vera & Pérez López, 2010).

Despois deste análise hai que indicar que nesta proposta é fundamental a experiencia con obxectos e situacións, no marco dun enfoque construtivista.

Segundo Vigotsky, o desenvolvemento ten lugar en situacións nas que para solucionar un problema un neno é guiado por un adulto ou unha persoa máis experta. Para Bruner, aprender é un proceso activo e social no cal os alumnos constrúen novas ideas ou conceptos baseándose no coñecemento actual. A teoría de Ausubel tivo e aínda ten o mérito de mostrar que a transmisión de coñecemento por parte do profesor pode ser un modo adecuado de producir aprendizaxe, sempre que se teñan en consideración os coñecementos previos do alumno e a súa capacidade de comprensión. (Juan Vera & Pérez López, 2010).

3.2 PERSPECTIVA PEDAGÓXICA.

No que respecta ao método, á forma de proceder e de desenvolver o proceso de ensino-aprendizaxe, esta proposta educativa inspírase na filosofía de Reggio Emilia, un “modelo pedagóxico” da educación infantil ao que tamén se fai referencia como “pedagogía da escoita”. A pedagogía que se desenvolve nestas escolas está influída polas ideas de numerosos autores como Decroly, Dewey, Freinet, Makarenko, Piaget, Vigotsky ou Wallon entre outros. A pesar do grande interese que suscitou este método de traballo, os educadores de Reggio Emilia non consideran o seu enfoque como un “modelo”, polo que non definiron uns principios de

actuación precisos e preestablecidos. Pola contra, valórase a discusión, a reflexión, a investigación e a adaptación de todos eles (Egido, 2010).

Reggio Emilia é unha cidade que se atopa no norte de Italia e que conta con centros educativos municipais para nenas e nenos de 0 a 3 anos e de 3 a 6 anos, caracterizados pola búsqueda constante da experimentación e a renovación.

A cidade defínese como educadora e os espazos da cidade ábrese como escenarios, recursos e medios que enmarcan a acción educativa do maestro. En canto aos contidos da ensinanza, organízanse como campo ou sistema de aprendizaxe máis que suma de saberes. Reggio Emilia ten unha conexión directa coa realidade. Todas as experiencias están basadas nun contacto cotiá coa complexidade da cidade contemporánea (Beresaluce Díez, 2009).

Este enfoque orixínase tras a Segunda Guerra Mundial, coa reconstrución popular das escolas que quedaron arrasadas despois desta. Aínda así, pódese dicir que esta experiencia toma un impulso definitivo cando en 1963 Loris Malaguzzi asume a guía destas escolas municipais.

A pesar de nacer da vontade de toda unha comunidade comprometida coa defensa dos dereitos da infancia, o auténtico impulsor do modelo pedagóxico que lle deu xusta fama e renome internacional ás escolas infantís de Reggio Emilia foi Loris Malaguzzi, pedagogo e responsable técnico dos servizos para a infancia durante o período comprendido entre os anos 1967 e 1974 (Parra Ortiz, 2010).

Aínda que non están definidos, os principios que segue este enfoque fan referencia ao rol do alumnado e do profesorado no proceso de aprendizaxe, ao papel do entorno na ensinanza e a importancia da colaboración coa familia e o resto da comunidade educativa na que se sitúa o centro escolar. A continuación explícase cada un destes principios en maior profundidade.

3.2.1 O rol do alumnado.

As nenas e nenos son os protagonistas da aprendizaxe, constrúen o seu propio coñecemento a partir das súas experiencias e da interacción coas persoas e o medio que os rodea.

Estes sinten curiosidade e interese por construír o seu propio aprendizaxe, por involucrarse en interaccións e por investigar todo o que o ambiente lles brinde. A educación ten que enfocarse a cada neno; sen consideralo como un ser illado, senón en relación con outros nenos, coa súa familia, cos seus mestres, co ambiente da escola e ca comunidade en xeral (Beresaluce Díez, 2009).

Os pequenos comunícanse e desenvólvense intelectualmente a través do uso de representacións simbólicas, que inclúen entre outras, as palabras, os xestos, o movemento, os debuxos, o collage, a escultura ou a música. Esas múltiples formas de representación son o que se coñece

como “os cen linguaxes do neno”, que non se consideran de forma illada, senón dunha maneira integrada e interrelacionada (Egido, 2010).

3.2.2 O rol do profesorado.

A mestra ou o mestre é un guía e un investigador que aprende igual que o alumnado e que, ademais, proporciona experiencias empregando diferentes recursos que estimulen o pensamento das nenas e nenos.

É un profesional capaz de interpretar os intereses dos nenos, os seus comportamentos e tamén as súas conversacións e opinións, e a partir deles abrir novas posibilidades de descubrimento e novas actividades de aprendizaxe (Parra Ortiz, 2010).

Ademais, é un investigador que escoita coidadosamente ao grupo, observa e documenta o seu progreso.

Para poder planear e levar a cabo o seu traballo, os maestros e maestras escoitan e observan aos nenos con moita atención. Os mestres e mestras cuestionan, descubren as ideas, hipóteses e teorías dos nenos e preparan oportunidades para favorecer a aprendizaxe. De feito, consideranse compañeiros de aprendizaxe dos nenos (zona de desenvolvemento próximo) e disfrutan descubrindo con eles (Beresaluce Díez, 2009).

Tamén reflexionan sobre a súa práctica docente para reaxustala constantemente aos nenos e nenas e ao proceso de aprendizaxe.

3.2.3 A importancia da parella educativa.

Nas escolas de Reggio Emilia traballan dous mestres ou mestras en cada aula atopándose os dous ao mesmo nivel, é dicir, ningún está por enriba do outro, ambos desempeñan a mesma labor levando a cabo un traballo en equipo. Isto permite que en cada momento un deles pode adicarse a observar, tomar notas e grabar o que fan os nenos e nenas (Egido, 2010). Isto último fai referencia ao proceso de documentación, tan importante en Reggio Emilia, e que se explica máis adiante con maior detalle.

O traballo en parella e, despois, o das parellas en grupo ofreceron enormes beneficios, para nenos e adultos, tanto no plano educativo como no psicolóxico (Hoyuelos, 2001).

3.2.4 A figura do atelierista

Ademais da parella educativa en cada unha das aulas, cada escola de Reggio Emilia conta cun atelierista, que é unha profesora ou profesor especificamente formado en artes que traballa

conxuntamente con ambos mestres ou mestras da aula na planificación e documentación para facer posible a profundización na ensinanza empregando medios e materiais moi diversos (Egido, 2010).

3.2.5 O papel do entorno na ensinanza.

Outro factor de gran importancia na experiencia de Reggio Emilia é a relevancia da estética e do ambiente do centro.

A seducción estética convértese nunha dimensión do coñecemento que ilumina algo que, tal vez, non pertence só ao mundo racional. Unha dimensión que se sente, tamén, cando falamos, lemos, admiramos unha imaxe, encontramos un concepto ou escoitamos unha sinfonía (Hoyuelos, 2001).

O entorno é considerado como o “terceiro educador”, polo que os profesores organizan coidadosamente o espazo destinado aos proxectos desenvolto en grupo, xa sexa en equipos grandes ou pequenos, e aos espazos de traballo individual (Egido, 2010).

3.2.6 O atelier ou obradoiro como espazo flexible.

Ademais para o desenvolvemento do proxecto é necesario un espazo que conte con diferentes tipos de materiais. Este espazo é coñecido en Reggio Emilia como o atelier.

As relacións entre arte, ciencia, linguaxe e coñecemento son evidentes en todos os lugares das escolas de Reggio Emilia e especialmente no atelier que existe en cada centro, un obradoiro ou espazo de arte no que hai unha gran variedade de recursos e materiais que fomentan a creatividade infantil e a aprendizaxe a través de proxectos. (Egido, 2010).

O obradoiro convértese nun espazo flexible que lles permite aos nenos e nenas investigar e experimentar de forma autónoma.

Na educación infantil, o obradoiro permite experimentar directamente coas cousas, mirar cos propios ollos, tocar coas propias mans, satisfacer a curiosidade, buscar razóns, e recibir e aceptar explicacións (Quinto Borghi, 2005). Neste lugar, pódese probar, explorar, equivocarse, inventar, indagar, sairse da rutina (Beresaluce Díez, 2009).

No obradoiro, os nenos levan a cabo actividades de búsqueda, de exploración e investigación da realidade implicándose en actividades motivadoras coa axuda dos compañeiros, e chegado o caso do educador, que lle permiten obter experiencias e descubrir aspectos descoñecidos da realidade, ao mesmo tempo que adquiren todo tipo de competencias e destrezas (Parra Ortiz, 2010).

Ademais a organización espacial que ofrecen os obradoiros favorece a comunicación e as relacións que establecen os nenos e nenas.

As actividades en pequeno grupo (dous, tres ou catro nenos) son módulos de enorme desexo e eficacia comunicativa. Trátase dunha tipoloxía de organización que é a máis adecuada para desenvolver a pedagogía relacional e onde, con maior probabilidade, desenvólvese a complexidade das interaccións; e onde emerxen maiores acomodacións autorreguladoras, conflitos produtivos e xogos de reciprocidade interactiva (Hoyuelos, 2001).

3.2.7 O traballo por proxectos.

Dende o punto de vista metodolóxico, o traballo nas escolas organízase en forma de proxectos, nos que se investiga en torno a temas seleccionados polos propios nenos e nenas ou propostos polos educadores (Egido, 2010). O método por proxectos creado para unha máis efectiva forma de ensinar fundase no pensamento de Jonh Dewey e inicio Kilpatrick en 1918 (Beresaluce Díez, 2009).

Unha vez seleccionado o tema, o profesorado traballa para orientar o proxecto, escoller os materiais necesarios e a posible colaboración dos pais e da comunidade. A duración dun proxecto tampouco está predeterminada, dado que pode ocupar unha semana ou continuar ao largo de todo o curso escolar (Egido, 2010).

Os proxectos son un método de traballo, son unha das respostas que pode dar o profesorado á necesidade de organizar os contidos na escola dende unha perspectiva integradora, creando unhas condicións de aprendizaxe que permitan garantir a comunicación e o intercambio nun proceso de aprendizaxe autónomo e compartido. Son un xeito de de axudarlle ao alumnado a organizar o seu pensamento recollendo o seu interese e a súa curiosidade (Arias Correa, Arias Correa, Navaza Blanco, & Rial Fernández, 2009).

Este método promove a iniciativa persoal, a solidariedade, a interacción e o exercicio da liberdade responsable (Beresaluce Díez, 2009).

Un proxecto globalizado pode presentar o esquema que podemos ver, a continuación, na gráfica 1 (Arias Correa, Arias Correa, Navaza Blanco, & Rial Fernández, 2009). Estas mesmas autoras indican que cada proxecto é un percorrido único e non tanto un método con pasos prefixados e inflexibles. O esquema que propoñen só debe seguir de guía e apoio para planificar e desenvolver un proxecto.



Gráfica 1: Esquema do traballo por proxectos.

3.2.8 O poder da documentación.

A documentación é unha ferramenta fundamental nos centros de Reggio Emilia. De maneira sistemática, o profesorado vai tomando notas, fotografando e gravando aos nenos mentres desenvolven os seu proxectos, debaten, xogan, ou expresan as súas opinións e sentimentos ao longo da experiencia educativa (Egido, 2010).

Esta documentación é importante como contido pero tamén como proceso tal e como podemos ver á continuación.

A documentación pedagóxica é, en canto a contido, un material que rexistra o que os nenos din e fan (o traballo dos nenos) e o modo en que o pedagogo se relaciona con eles e co seu traballo (Dahlberg, Moss, & Pence, 2005).

Este material narra todo o proceso de aprendizaxe pero ademais debe servirlle ao profesorado para reflexionar sobre a súa práctica docente.

O proceso implica o uso dese material como medio para a reflexión rigurosa, metódica e democrática sobre o traballo pedagóxico, unha reflexión que será levada a cabo tanto polo pedagogo ou pedagoga en solitario como por este ou esta en relación con outras persoas (con outros pedagogos, cos propios nenos e nenas, cos pais e nais destes) (Dahlberg, Moss, & Pence, 2005).

A documentación pedagóxica convértese nun elemento imprescindible no proceso de ensino-aprendizaxe debido á importancia das súas funcións.

Esta documentación ten varias funcións: poñer ao tanto aos pais da aprendizaxe dos seus nenos e involucrarse, que os mestres comprendan mellos aos nenos e avaliar o traballo do propio mestre, promovendo así o seu crecemento profesional. Así mesmo, preténdese facilitar a comunicación entre mestres, facer que os nenos sintan que o seu esforzo ten un valor, crear unha historia da escola e o gusto no proceso de aprendizaxe dos nenos e dos mestres (Beresaluce Díez, 2009).

3.2.9 A relevancia da colaboración coas familias.

Na filosofía de Reggio Emilia, os nenos, os profesores e os pais son igualmente importantes para o proceso educativo. Por esa razón, anímase ás familias a que contribúan activamente nas actividades das súas fillas e fillos na aula e na escola (Egido, 2010).

A participación das familias pode ser moi beneficiosa para a escola polos seguintes motivos: achega aos dous –o da familia e o do centro- foméntanse aprendizaxes mutuos, cada persoa pode aportar unha experiencia, un saber, unha maneira de facer diferente e enriquecedora (Bassedas, Huguet, & Solé, 1998).

Un dos obxectivos principais dos profesionais da educación ten que ser potenciar a relación coas familias (Oller, 2005). Esta mesma autora resume a importancia desta relación en catro obxectivos: establecer criterios educativos comúns, ofrecer modelos de relación e intervención cas nenas e nenos, axudar a coñecer a función educativa da escola e, por último, enriquecer as escolas coas aportacións das familias.

3.2.10 A participación da comunidade educativa.

Unha característica esencial neste enfoque é a participación e colaboración de todos os membros da comunidade escolar no programa que se propón.

Toda a comunidade escolar, formada por representantes do municipio, profesores, pedagogos, pais e persoal auxiliar delibera regularmente sobre os obxectivos e o funcionamento das escolas. A dirección administrativa de cada escola traballa conxuntamente con pedagogos doutras escolas. O persoal auxiliar tamén forma parte da experiencia educativa e tanto coidadores coma empregados de cociña inclúense na planificación, nas actividades e nas saídas escolares, de maneira que as relacións entre todas as persoas que traballan na escola son constantes (Egido, 2010).

Ademais de todos estes principios fundamentais na pedagogía de Reggio Emilia, tamén é de gran importancia o xogo, ao que apenas se fai referencia neste enfoque e que, sen embargo, é imprescindible para favorecer o desenvolvemento das nenas e nenos.

3.2.11 A importancia do xogo.

O xogo pódese definir como unha conduta espontánea que move aos pequenos a interactuar coas persoas e cos obxectos por curiosidade innata e polo simple pracer de facelo. Pódese dicir que xogar é unha peculiar maneira que teñen os nenos e nenas de aprender e coñecer. É unha actividade libre e flexible na que o neno se impón e acepta libremente unhas pautas e uns propósitos que pode cambiar ou negociar porque no xogo non conta tanto o resultado como o mesmo proceso do xogo. (Fusté, Martín, Masnou, Palou, & Thió de Pol, 2005). O xogo axuda ao desenvolvemento e crecemento dos nenos, é a mellor maneira de aprender e coñecer. A través do xogo, explora e coñece o seu entorno, as persoas e obxectos que ten ao seu redor, axúdalle a construír o seu propio eu, e aprende a relacionarse cos demais. (Cardo & Vila, 2005). O xogo de experimentación permite aos nenos e nenas poñer en relacións unhas cousas con outras, combinándoas ou confrontándoas. Así mesmo, bríndalles a posibilidade de aventurar pequenos obxectivos que cambian constantemente, a medida que se vai desenvolvendo o xogo. Ademais de experimentar diversas sensacións tamén vivencian emocións, exprésanas á vez que poden crear situacións novas, transformando o material. (Bonastre & Fusté, 2007). Cando un ou varios nenos por propia iniciativa se poñen a actuar libremente con obxectos do seu entorno –manipulándoos, combinándoos, interactuando con eles-, dise que realizan actividades exploratorias, pero, como o pasan ben, nas escolas fálase de xogo de experimentación (Fusté, Martín, Masnou, Palou, & Thió de Pol, 2005).

Nos xogos simbólicos o neno actúa como un auténtico creador. El crea a situación de xogo e asígnalle a cada cousa o valor ou a significación que convén en cada momento (Parra Ortiz, 2010). O xogo simbólico é o froito da capacidade humana de crear novos contextos e situarse a medio camiño entre a realidade e a fantasía, utilizar signos e símbolos para crear novos contextos, interpretar a realidade desde distintos puntos de vista, anticipar situacións e planificar a acción (Fusté, Martín, Masnou, Palou, & Thió de Pol, 2005). A función simbólica ou semiótica é a capacidade de imaxinar e recordar situacións, obxectos, animais ou accións sen que estean presentes nese momento nin sexan percibidas polos sentidos (Abad Molina & Ruiz de Velasco Gálvez, 2011).

O xogo motor establécese a partir da relación do neno e a nena co entorno, e maniféstase a través da acción (Fusté, Martín, Masnou, Palou, & Thió de Pol, 2005).

3.3 PERSPECTIVA EPISTEMOLÓXICA.

Desde a perspectiva epistemolóxica faise referencia ao conxunto de coñecementos, e polo tanto contidos, nos que se sostén esta proposta pedagóxica. Os contidos que se traballan con esta proposta didáctica xiran entorno ás sensacións, xa que a estas idades é necesario que reciban estímulo sensoriais que lles permitan conseguir un maior desenvolvemento intelectual e emocional, de acordo co que se establece no *Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia*.

Este proxecto anual está pensado para que os nenos e nenas desenvolvan os sentidos a partir da experimentación e manipulación de materiais que adquiren carácter sensorial debido ás súas propiedades gustativas, olfactivas, auditivas, visuais ou táctiles. Deste xeito poden coñecer e descubrir o seu propio entorno en relación directa con el.

Polas mans dos nenos e nenas do xardín de infancia pasan constantemente diferentes materiais. Elas permitíronnos descubrir a súas principais características e tamén recibir o máximo de sensacións posibles. Os pequenos manipulan e ao mesmo tempo investigan. Se llo permitimos utilizan todo o corpo. (Vega, 1995).

A experimentación é a base fundamental de todo descubrimento, unha das chaves que abre as portas do coñecemento. Interiorizar calquera concepto é moito máis sinxelo se o neno ou nena pode almacenar algunha experiencia vinculada a el. (Vega, 2006)

Nas experiencias propostas os nenos e nenas empregan os seus cinco sentidos, é dicir, o olfacto, o gusto, o oído, a vista e o tacto para coñecer o seu entorno. As nenas e nenos experimentan gran diversidade de sensacións grazas aos estímulos que perciben os órganos sensoriais. Desde o momento en que nacemento empezamos a utilizar os sentidos xa que son o medio para adaptarnos e coñecer o entorno. (Cardo & Vila, 2005).

As experiencias ou pequenos proxectos que se propoñen deben partir dos intereses do alumnado e tendo en conta a súa motivación. A motivación é unha característica do ser humano, o cal nace con ganas de aprender. O neno intenta descubrir todo aquilo que lle rodea e por iso experimenta con todo o que atopa e continuamente formula interrogantes, sobre todo en idade temperás. Esta necesidade persevera en idades posteriores, se as condicións que se precisan para estar motivado non se eliminan. (Aránega, 2009)

Estimular a curiosidade dos nenos e nenas durante o desenvolvemento das diferentes actividades é unha labor esencial do profesorado. Estimular a curiosidade é facerlle espertar o afán de descubrir e , polo tanto, é axudarlle a aprender. (Cardo & Vila, 2005). A curiosidade, entendida como unha capacidade innata, é un valor que hai que incentivar. Empeza e parte deles mesmos, pois o seu primeiro xoguete é o seu propio corpo. (Vega, 2012)

Para estimular a curiosidade do neno ou nena e manter a súa motivación, o profesorado propón estas experiencias dunha forma divertida. É importante que os descubrimentos non sexan obrigados, porque a estas idades deben ser unha sorpresa, un acto divertido que pode aportar un aprendizaxe. (Vega, 2012)

No desenvolvemento da proposta o máis importante non é traballar os contidos de forma ríxida senón de forma flexible para poder modificar a acción educativa e adaptala ás necesidades dos nenos e nenas en cada momento. Dende un enfoque procesual enténdese a planificación da ensinanza como un proceso cíclico, suxeito a acertos e erros, polo tanto, o suficientemente flexible como para ser modificado (Salinas, 1994).

Na filosofía de Reggio Emilia non existe un programa de ensinanza preestablecido, nin metas ou fins que deban ser alcanzados, xa que o currículo é contextual, é dicir, determínase dende o diálogo entre nenos e profesores, partindo das súas propias propostas, ou noutros casos, dun suceso natural ou dunha noticia publicada nun periódico (Egido, 2010).

Planificar a ensinanza é algo máis que establecer obxectivos, contidos, métodos e criterios de avaliación; significa pensar, valorar e tomar decisións, entre outras cousas, sobre situacións cotidianas, sobre acontecementos imprevisibles, sobre un colectivo de persoas agrupadas segundo a súa idade, nun espazo chamado aula, persoas que son nenos e nenas cun nome e un rostro que ás veces denotan alegría, aburrimiento e, en ocasións, cansancio (Salinas, 1994).

3.4 PERSPECTIVA SOCIOLÓXICA.

Unha das finalidades da educación infantil debe ser a de contribuír, entre outros, ao desenvolvemento persoal e social das nenas e nenos. A escola ten o poder de transformar ou de conservar a sociedade a través do tipo de formación que desenvolve.

En Reggio Emilia a escola considerase como un motor de transformación social, na que resulta vital a participación e a implicación das familias e de todos os cidadáns (Egido, 2010). A educación, segundo se formule, pode ser factor de cambio ou de conservación, pode ser instrumento de emancipación ou de submisión (Beresaluce Díez, 2009).

Tal e como propón esta autora, débese apostar pola educación como factor de cambio, instrumento de liberación, de cohesión social, e de coñecemento, desde a experiencia democrática, participativa e pluralista.

A función social constitúe un proceso de identificación e de adaptación do neno ao mundo no que vive e no que está chamado a desenvolverse o que implica a asimilación das normas, o sistema de crenzas e o esquema de valores do grupo social de referencia (Parra Ortiz, 2010). O neno é un ser social e, por tanto, é parte da sociedade. É unha persoa a que hai que ter en conta.

A educación ten que traballar pola construción de contidos e valores que fagan á persoa máis persoa (Beresaluce Díez, 2009). Así, o *Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia* propón como finalidade desta mesma etapa potenciar a transmisión daqueles valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, o respecto, a xustiza, a prevención de conflitos e a súa resolución pacífica, a non-violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como o desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade entre homes e mulleres.

Dende esta perspectiva, a etapa de educación infantil contribuirá a que os nenos e nenas desenvolvan capacidades que lles permitan observar e explorar o seu medio social aprendendo a respectar as diferenzas, adquirir de forma progresiva autonomía nas actividades habituais, e desenvolver á afectividade relacionándose cos demais e adquirindo pautas elementais de convivencia e de relación social.

O ámbito das actividades cotiás é, ademais, idóneo para o exercicio da autonomía persoal, porque son significativas para os nenos e nenas, e porque permiten adquirir iniciativa, actitude de esforzo, responsabilidade e, á vez, desenvolver capacidades fundamentais, como aprender a organizarse, prever e resolver dificultades, entre outras (Llenas & Thió de Pol, 2005).

A potenciación da autonomía é obxectivo fundamental da escola infantil para que nenas e nenos poidan sentirse capaces e útiles, e tamén porque é indispensable para o desenvolvemento da responsabilidade, da liberdade e afirmación persoal, do criterio propio e da independencia (Palou, 2005).

O currículo da educación infantil tamén recolle como finalidade desta etapa facilitar que as nenas e nenos elaboren unha imaxe de si mesmos positiva e equilibrada e adquiran autonomía persoal. Neste sentido, a vivencia emocional xoga un papel moi importante. É a intelixencia emocional a que nos permite ir crescendo como persoas autónomas, vinculadas afectivamente a un entorno e a unha cultura (Palou, 2005).

Deste xeito, é necesario que a afectividade guíe todo o proceso de ensino-aprendizaxe para que os nenos e nenas se sintan seguros, participen de forma autónoma e poidan formar a súa imaxe de forma positiva. A medida que van adquirindo autonomía, vai aumentando o seu sentimento de capacidade, e con isto, de autoestima (Palou, 2005).

4 DESENVOLVEMENTO DA PROPOSTA DIDÁCTICA.

4.1 TÍTULO.

A proposta didáctica que se presenta a continuación, tendo en conta que se desenvolve ao longo de todo o curso escolar, leva por título: “*Un ano de sensacións*”.

4.2 PRESENTACIÓN.

A programación que a continuación aquí se presenta está deseñada para o alumnado do 2º ciclo de Educación Infantil, concretamente para o 4º curso con nenas e nenos de 3 a 4 anos.

Trátase dunha planificación anual coa que se traballan diferentes contidos relacionados coas sensacións e que se organiza en pequenos proxectos de diferente índole e temática que, á súa vez, permiten traballar os contidos propios desta etapa educativa dende un enfoque globalizador.

A base destes proxectos, e por tanto da proposta, está no emprego de diferentes materiais que adquiren carácter sensorial debido ás súas cores, tamaños e formas, ás diferentes texturas que posúen, aos sons que producen, aos olores que desprenden e incluso aos sabores que proporcionan.

Ademais das sensacións, a arte é outro dos fíos condutores de maior relevancia que a caracteriza. Nos diferentes proxectos, os nenos e nenas crean as súas propias obras de arte a partir de diferentes materiais sensoriais, vinculando deste xeito a arte e as sensacións.

Trátase dunha programación aberta e flexible que parte do deseño do profesorado pero que se concreta na aula unha vez que os nenos e nenas a fan súa. Isto quere dicir que a pesar de que se propoñen diferentes proxectos e, dentro destes, diversas experiencias; durante o seu desenvolvemento poderanse incluír outros que propoña o propio alumnado, modificar algún e incluso suprimir outros.

Esta proposta está pensada para desenvolverse nun contexto rural, onde o medio natural forma parte dos espazos do centro. Así, o entorno convértese nunha fonte de recursos que caracterizan o deseño desta. De todos xeitos, isto non implica que non se poida levar a cabo nun contexto urbano xa que pode ser adaptada perfectamente a este.

4.3 OBXECTIVOS.

Os obxectivos específicos que se pretenden acadar coa posta en práctica desta proposta didáctica elabóranse tendo en conta o *Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia* e son os seguintes:

- Área: Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.
 - Recoñecer os sentidos como fonte de sensacións.
 - Desenvolver o sentido do tacto, da vista, do olfacto, do oído e do gusto a través da experimentación e manipulación.
 - Descubrir diferentes sensacións a partir da interacción con diversos materias sensoriais.
 - Formar unha autoimaxe axustada e positiva identificando as propias características, posibilidades e limitacións.
 - Coñecer e representar o propio corpo identificando as súas partes e as posibilidades de acción e de expresión.
 - Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades e preferencias e ser capaces de expresalos e comunicalos, respectando os das demais persoas.
 - Tomar iniciativa e planificar unha secuencia de tarefas necesarias para resolver problemas da vida cotiá.
 - Desenvolver hábitos de respecto, axuda e colaboración.
 - Adquirir hábitos de hixiene e alimentación saudable.
 - Adquirir hábitos de orde e planificación que sirvan para o desenvolvemento das tarefas.
 - Amosar unha actitude de aceptación e respecto polas diferencias individuais.
 - Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio que favorece o desenvolvemento humano, manifestando emocións, respectando as demais persoas e aceptando as regras.

- Área: Coñecemento do contorno.
 - Coñecer o propio entorno a partir da interacción con este, da manipulación e experimentación e do emprego dos sentidos e das diferentes capacidades sensoriais.

- Observar e explorar de forma activa o seu contorno, xerando interpretacións sobre algunhas situacións e feitos significativos, mostrando interese polo seu coñecemento.
- Observar os cambios e modificacións dos elementos do entorno relacionándoos cos factores que os producen e desenvolvendo actitudes de coidado e de respecto.
- Iniciarse no desenvolvemento do pensamento científico formulando hipóteses, anticipando resultados, observando, investigando e experimentando.
- Relacionarse cos demais adquirindo normas de comportamento social.
- Coñecer diferentes grupos sociais próximos ao seu entorno e algunhas características destes ou producións culturais.
- Establecer relacións de confianza, afecto e colaboración.
- Apreciar e facer seus algúns elementos significativos propios da tradición e da cultura galega –expresións artísticas, costumes, festas populares, folclore, gastronomía, etc.-.
- Empregar o coñecemento matemático para resolver problemas da vida cotiá.
- Identificar calidades e características dos diferentes materiais sensoriais sendo capaz de establecer relacións.

➤ Área: Linguaxes: comunicación e representación.

- Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas.
- Achegarse ao coñecemento de obras artísticas adquirindo sensibilidade estética.
- Utilizar as diferentes linguaxes como instrumentos de comunicación, de expresión de ideas e sentimentos, de representación, de aprendizaxe e de gozo.
- Comunicarse oralmente con diferentes propósitos –expresar sentimentos, emocións, sensacións, inquedanzas, ideas, opinións, etc.-.
- Comprender a intencionalidade comunicativa doutras persoas.
- Achegarse a lingua escrita.
- Usar a biblioteca como fonte de información e de pracer.
- Valorar as creacións propias e as das demais persoas.
- Achegarse ao coñecemento, emprego e valoración das TIC –ordenadores, a internet, encerado dixital interactivo e/ou proxector, cámara de vídeo e/ou cámara fotográfica, etc.- como ferramentas de busca de información, creación, expresión e comunicación.

4.4 CONTIDOS.

Os contidos específicos que se pretenden traballar coa posta en práctica desta proposta didáctica elabóranse tendo en conta o *Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia* e son os seguintes:

➤ Área: Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.

- Recoñecemento dos sentidos como medio de expresión, percepción e comprensión do mundo que o rodea, e como medio favorecedor do desenvolvemento cognitivo.
- Recoñecemento das percepcións sensoriais relacionadas cos campos visuais, auditivos, olfactivos, táctiles e gustativos.
- Potenciación da construción do esquema corporal a partir das sensacións e das percepcións do propio corpo en relación co medio e cos obxectos.
- Aceptación da propia imaxe corporal e gozo xogando co seu corpo empregando as posibilidades expresivas deste.
- Identificación, verbalización e expresión dos propios sentimentos, emocións, vivencias preferencias e intereses propios e das demais persoas.
- Aceptación da súa persoa confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións.
- Valoración positiva e respecto polas diferencias evitando actitudes discriminatorias.
- Participación nos xogos e na actividade motriz confiando nas posibilidades de acción.
- Gozar co xogo como medio para coñecer a realidade mantendo unha actitude de axuda e de colaboración.
- Coordinación progresiva das súas habilidades psicomotrices finas e grosas.
- Desenvolvemento das habilidades motoras, do control de ton, do equilibrio e da respiración.
- Potenciación das súas capacidades motoras, de coordinación e de orientación no espazo.
- Exploración das posibilidades perceptivas, motrices e expresivas propias e das demais persoas, amosando iniciativa para aprender habilidades novas.
- Interese por participar en actividades da vida cotiá con iniciativa e progresiva autonomía na súa realización

- Habilidades para a interacción e colaboración establecendo relacións afectivas coas persoas e aceptando a diversidade.
- Planificación secuenciada da acción para resolver tarefas.
- Valoración e gusto polo traballo propio ben feito e polo das demais persoas, buscando recursos axeitados para rematar os proxectos que inicia e sendo quen de solicitar e prestar axuda.
- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo humano –hixiene, alimentación, descanso, etc.-.
- Iniciación na práctica de accións que favorezan a adquisición de hábitos saudables.
- Petición e aceptación de axuda nas situacións que o requiran.
- Valoración da axuda doutras persoas.
- Identificar e valorar hábitos que favorezan unha boa saúde.
- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables colaborando no mantemento destes.

➤ Área: Coñecemento do contorno.

- Interese pola exploración dos obxectos e materiais presentes no medio recoñecendo as súas funcións e usos cotiás e mais mantendo unha actitude de respecto e coidado cara a obxectos propios e alleos.
- Recoñecemento das propiedades de obxectos e materiais examinando con atención as súas características.
- Interese pola clasificación de obxectos e de materiais e aproximación á cuantificación.
- Identificación de formas sinxelas en elementos do entorno.
- Observación da necesidade e función dos números na vida cotiá.
- Investigación do comportamento físico de diferentes materiais e obxectos, en diferentes situacións e con variadas accións.
- Achegamento a algunhas magnitudes físicas -peso, lonxitude, capacidade, tempo- a través da estimación: comparando, sopesando, observando, etc.
- Adquisición progresiva da noción do paso do tempo mediante as actividades da vida cotiá.
- Orientación temporal en situacións cotiás empregando diferentes nocións e relacións. Aproximación ao uso do calendario.

- Establecemento de relacións de orientación espacial de localización, dirección, distancia e posición en relación a persoas, obxectos e lugares.
- Vivencia, representación e interpretación do espazo, empregando a imaxinación en debuxos, fotografías, etc.
- Identificación e estudo dalgunhas características e funcións vitais dos seres vivos empregando a exploración sensorial e diferenciando entre seres vivos e obxectos inertes.
- Observación rexistrada de seres vivos no seu medio natural ou reproducíndoo na aula.
- Observación dalgunhas características, comportamentos, funcións e cambios nos seres vivos.
- Identificación dalgunhas características, necesidades e cambios nos procesos de crecemento e etapas de desenvolvemento dos seres vivos.
- Curiosidade, respecto e coidado cara aos elementos do medio natural.
- Descubrimento das diferentes formas en que se encontra a auga na natureza, comprendendo a súa contribución ao desenvolvemento dos seres vivos e do medio, valorando a necesidade da súa conservación e do seu uso responsable.
- Identificación dos cambios que se producen ao longo das estacións do ano, dos meses ou dun día atendendo á luminosidade, á climatoloxía, etc.
- Gozo ao realizar actividades individuais ou en grupo en contacto coa natureza apreciando o medio natural como un espazo para a aventura, conservación e a realización de experiencias ao aire libre e o contacto con elementos da natureza.
- Participación en proxectos e investigacións no medio natural.
- Identificación da familia e da escola como primeiros grupos sociais.
- Interese para iniciar relacións respectuosas e afectivas con nenos e nenas doutras culturas.
- Achegamento ás funcións que realizan diversas persoas, organizacións e institucións para cubrir necesidades e achegar servizos presentes na súa comunidade, evitando estereotipos sexistas.
- Colaboración co resto dos compañeiros e compañeiras amosando disposición para compartir e resolver conflitos.

➤ Área: Linguaxes: comunicación e representación.

- Utilización e valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos; para adquirir coñecementos; para expresar e comunicar ideas, sentimentos e emocións; para facer peticións e para regular a propia conducta e a dos demais.
- Participación de forma oral en conversas, narracións, xogos, etc. enriquecendo as propias competencias comunicativas.
- Participación en situacións de comunicación con distintos propósitos respectando quendas e escoitando atentamente.
- Emprego axeitado das formas socialmente establecidas para relacionarse coas demais persoas –saúdos, despedidas, formulas de cortesía, etc.-.
- Achegamento á lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo a través de diferentes soportes.
- Interese e atención na escoita de narracións ou instrucións.
- Iniciación no uso da escrita en situacións contextualizadas e reais.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Iniciación ao coñecemento do código escrito en contextos significativos e funcionais.
- Escoita e comprensión da lectura en voz alta de contos, relatos, lendas, etc. como fonte de pracer e de aprendizaxe compartida.
- Interese por compartir interpretacións, sensacións, emocións e opinións provocados polas experiencias realizadas desenvolvendo habilidades lingüísticas.
- Introducción ao uso da biblioteca do centro ou da aula como medio de aproximación a literatura e como espazo de recursos para a diversión e o coñecemento.
- Exploración sensorial dos elementos presentes no contorno integrando actividades de tocar, ulir, degustar, oír e ver.
- Potenciación da imaxinación e fantasía do alumnado para enriquecer a actividade creativa.
- Experimentación e descubrimento dalgúns elementos que configuran a linguaxe plástica -liña, forma, cor, textura, espazo e volume-.
- Gozo coas obras artísticas distinguindo e apreciando elementos básicos das formas de expresión -cor, forma, liña, movemento, volume, texturas, ritmos,

melodías, timbres, entre outros- que lles permitan ás nenas e aos nenos desenvolver a súa sensibilidade estética.

- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais, útiles e soportes -papeis, cartón, arame, plástico, teas, cortiza, barro, rasquetas, cepillos, esponxas, pantalla de ordenador, mesa de area, retroproxeutor, encerado dixital, fotografías....- e das distintas técnicas -debuxo, pintura, colaxe, amasado, modelado, escultura e a combinación de dúas ou máis técnicas...- como recursos e medios de expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, vivencias, fantasías, experiencias...
- Experimentación e coñecemento das posibilidades de transformación dos diferentes materiais e obxectos.
- Descubrimento das posibilidades creativas e plásticas da luz, das sombras e da cor, empregando recursos como a luz natural, lanternas, lámpadas, etc.
- Interpretación e valoración de diferentes tipos de obras plásticas presentes na aula, no contorno, en museos e exposicións reais ou virtuais, obradoiros de artistas e persoas artesás manifestando e compartindo a través das diversas linguaxes as sensacións e emocións que producen, así como indicando o que gusta e o que non.
- Planificación do proceso de elaboración dalgunha obra plástica.
- Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais. Utilización dos sons achados para a interpretación e a creación musical.
- Vivencia do son e do silencio.
- Recoñecemento de sons producidos por elementos do entorno cotiá.
- Creación de secuencias de movementos e ritmos a partir das sensacións que lle xera a música.
- Participación activa e gozo en interpretación de cancións e xogos musicais.
- Identificación da utilidade de diversos instrumentos e tecnoloxías como fontes de información, de comunicación, de expresión, de estratexias de exploración e investigación.
- Coñecemento, coidado e uso das ferramentas tecnolóxicas.
- Achegamento ao uso do ordenador, á cámara fotográfica, etc. nos procesos creativos para a elaboración de producións audiovisuais.
- Valoración crítica dos contidos e da estética das producións audiovisuais.

4.5 COMPETENCIAS BÁSICAS.

A LOE (2006) establece oito competencias básicas que o alumnado debe desenvolver e acadar ao longo do ensino básico. Tendo en conta o *Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia* pódese dicir que esta proposta didáctica favorece a adquisición de todas elas.

A continuación analízase cada unha destas competencias en relación con esta proposta didáctica.

➤ Competencia cultural e artística.

A maioría das experiencias propostas están encamiñadas ao desenvolvemento artístico e ao recoñecemento da arte como fonte de pracer e de gozo. Os nenos e nenas contan con numerosas ocasións onde poden expresarse artisticamente aprendendo a valorar as producións propias e as dos demais. Así, tamén desenvolverán a súa sensibilidade estética e aprenderán a gozar delas. Ademais todo isto favorecerá o desenvolvemento da súa imaxinación e creatividade. Tamén poderán descubrir diferentes formas de arte comprendendo que a pintura non é a única forma posible.

➤ Autonomía e iniciativa persoal.

Estas experiencias desenvolven a autonomía do alumnado e a súa iniciativa persoal xa que cada neno e nena participará nestas experiencias desenvolvendo a súa imaxinación e creatividade. Na maioría das actividades deseñadas a mestra achega o material e deixa que o neno e nena de forma autónoma manipule e experimente. O papel da docente será animar a participar favorecendo así a iniciativa dos nenos e nenas que moitas veces teñen medo de actuar libremente sen ser guiados. Ademais, tamén lles ofrece liberdade aos nenos e nenas para decidir e escoller con criterio propio e para propoñer proxectos nos que precisará levar a cabo plans persoais e dos que se deberán facer responsables.

➤ Competencia para aprender a aprender.

A través desta proposta preténdese que os nenos e nenas aprendan a aprender, é dicir, que sexan capaces de construír a súa aprendizaxe de forma autónoma sendo conscientes das súas habilidades para aprender. Para isto, a proposta parte da motivación dos nenos e nenas por querer aprender e descubrir. O mestre ou mestra encárgase de incentivar estes aspectos fomentando a súa curiosidade e o pracer por aprender. Ademais de partir dos intereses dos nenos e nenas, estas experiencias están deseñadas partindo da realizade

do alumnado xa que a mestra achega materiais próximos a eles e pertencentes ao seu entorno e vida cotiá.

➤ Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.

Moitas das experiencias desta proposta inician aos nenos e nenas no pensamento científico desenvolvendo habilidades de investigación como realizar hipóteses, observar, predicir sucesos, realizar descubrimentos,...A base das actividades é a interacción co mundo físico, os nenos e nenas manipulan e experimentan con elementos do seu entorno máis próximo.

➤ Competencia matemática.

Nesta programación tamén se traballan conceptos lóxico- matemáticos básicos como por exemplo pesado/lixeiro ou grande/pequeno. E ademais tamén se traballan formas xeométricas, cores, medidas... Coas diferentes experiencias propostas preténdese desenvolver o razoamento matemático a través de situacións reais ou problemas da vida cotiá.

➤ Competencia social e cidadá.

Esta programación tamén favorece a adquisición desta competencia se temos en conta que na maioría das experiencias as nenas e nenos traballan en equipo, ben sexa o grupo aula, grupos reducidos ou parellas. Durante a realización destas experiencias a mestra potenciará que o alumnado desenvolva as habilidades sociais. Trátase dun bo momento para que os nenos e nenas aprendan a traballar en equipo e que aprendan a compartir, a respectarse, a convivir, a dialogar, a resolver os seus propios conflitos de forma autónoma, etc.

➤ Competencia en comunicación lingüística.

Durante a posta en práctica das experiencias propostas a mestra favorece o desenvolvemento desta competencia xa que constantemente anima aos nenos e nenas a expresar os seus pensamentos, as súas sensacións, as súas vivencias e por suposto as percepcións que teñen durante o descubrimento de novas sensacións. En varias actividades a mestra recolle por escrito todo aquilo que os nenos e nenas queren expresar acerca de diferentes experiencias que realizan. Ademais favorécese un achegamento a

lectura e a escritura como fonte de gozo e de pracer xa que moitas destas propostas inclúen lecturas que poden resultar de gran interese para os pequenos e pequenas.

➤ Tratamento da información e competencia dixital.

Durante a realización das actividades os nenos e nenas poden reclamar información polo que en numerosas ocasións as tecnoloxías da información e comunicación empregaranse como fonte. Ademais, para documentar todo o proceso de aprendizaxe realizaranse numerosas fotografías e gravacións nas que os nenos e nenas poderán desenvolver o manexo de cámaras fotográficas ou de vídeo. Tamén é importante ter en conta que o encerado dixital ou o proxector poden ser gran aliados en diferentes propostas que sexa necesario empregar a linguaxe audiovisual. Con estes aparellos a mestra pode levar a aula obras de arte de todo tipo que os nenos e nenas poderán contemplar e comentar. Deste xeito as tecnoloxías da información e comunicación serán de gran importancia para romper coas limitacións da propia aula abrindo unha porta a realidade exterior.

4.6 PROPOSTA METODOLÓXICA.

Para definir a proposta metodolóxica desta programación anual é necesario establecer os principios metodolóxicos que vai seguir e a relación de experiencias e proxectos que se van desenvolver.

4.6.1 Principios metodolóxicos.

Os principios metodolóxicos deste proxecto elabórase tendo en conta os diferentes aspectos que recolle o *Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.*

1. Ambiente de aprendizaxe.

Na organización dos ambientes de aprendizaxe vanse ter en conta tres aspectos de vital importancia para o desenvolvemento desta proposta: os materiais, os espazos e os tempos.

- Materiais

Os materiais son de gran importancia nesta proposta xa que as diferentes experiencias desenvólvense a partir da súa experimentación e manipulación.

Estes adquiren carácter sensorial debido as súas propiedades e características. É dicir, a súa manipulación favorece as capacidades sensoriais dos nenos e nenas. Os materiais escollidos deben ser próximos a realidade do alumnado para que lles permita coñecer o seu entorno máis inmediato. Así, a maioría son de uso cotiá. Ademais ofrecen múltiples posibilidades de utilización en función das necesidades de cada experiencia. Ao longo do proxecto combínanse diferentes materiais naturais con outros de carácter artificial intentando aproveitar todas as posibilidades.

- Espazos

O profesorado encárgase de xerar ambientes de aprendizaxe do gusto dos nenos e nenas, que sexan afectivamente significativos e esteticamente agradables de xeito que o alumnado pódese sentir cómodo, seguro e acollido. Dependendo de como se presente a actividade e de como estea constituído o espazo que as envolve, estas poderán resultar máis ou menos atractivas para os nenos e nenas polo que a mestra fixarase na organización dos espazos.

A maioría das actividades realízanse dentro da aula pero o espazo organízase tendo en conta as necesidades dos nenos e nenas á hora de desenvolver as experiencias propostas.

Ademais a mestra ou o mestre prestará especial atención á estética da aula da que fará partícipes aos alumnos e alumnas empregando as súas propias creacións.

En moitas ocasións organízanse talleres dotados de todo o material necesario para desenvolver as diferentes actividades. Algúns destes elabóranse a nivel de aula (créase un taller determinado) e outros a modo de recunchos (créanse diferentes talleres na aula) polos que irán pasando todos os nenos e nenas.

Os espazos da aula deben estar ben definidos e distribuídos. Así, a aula estará organizada en recunchos como o da alfombra, recuncho das TIC, recuncho da biblioteca, recunchos de xogo como a casiña ou as construcións, etc. Algúns destes recunchos, como o da alfombra, serán estables ao longo de todo o curso. Outros, como o da natureza ou o dos diferentes xogos, poderanse ir modificando segundo as necesidades de cada momento e segundo as experiencias que se desenvolvan.

Se as condicións climatolóxicas o permiten, tamén se aproveitarán os espazos exteriores contando co medio natural como recurso dalgunhas experiencias.

Ademais da propia aula e dos espazos exteriores, teranse en conta as demais estancias do centro dependendo deste mesmo e das posibilidades que ofrezca. Así, os espazos comúns, como os corredores e a entrada do centro, poden adquirir un papel importante nesta proposta para colocar as creacións do alumnado a modo de exposición. O pavillón ou a área de deporte cuberta servirá para desenvolver actividades que requiran de maior movemento cando non se poidan usar as áreas exteriores. Ou outros espazos como a biblioteca, a cociña ou comedor, aula de música, etc.

- Tempos

Esta programación está deseñada para desenvolverse ao longo de todo o curso escolar tendo en conta que recolle experiencias ou pequenos proxectos con diferentes duracións.

Os tempos programados para a realización das diferentes experiencias adecúanse ao grao de complexidade destas e planifícanse mantendo como característica fundamental a flexibilidade. Deste xeito, o profesor ou profesora poderá planificar en función das demandas, necesidades e intereses das nenas e nenos observando a motivación e a participación destes para reducir ou aumentar o tempo destinado a cada experiencia ou proxecto.

Inicialmente e tendo en conta que se trata de nenos e nenas de 3 anos que chegan á escola por primeira vez, é importante respectar o período de adaptación. Neste tempo a mestra ou mestre observa aos alumnos e alumnas para adaptar as experiencias aos seus intereses e necesidades.

Esta planificación propón experiencias e proxectos concretos que se van alternar con tempos de rutinas necesarios e de gran importancia nesta etapa.

2. Perspectiva didáctica.

Tendo en conta as características da etapa da educación infantil, a aprendizaxe organízase seguindo un enfoque globalizado. É dicir, establécese unha rede de relacións entre as diferentes áreas curriculares xa que as experiencias e os proxectos que se propoñen engloban contidos de diferente tipo e de distintas áreas.

- Proxectos

Nesta proposta educativa contéplase a realización de experiencias e proxectos que o profesorado propón partindo das necesidades e dos intereses dos nenos e nenas. Aínda así, tendo en conta o principio fundamental de flexibilidade, non se trata dun proxecto ríxido e preestablecido xa que as propostas dos nenos e nenas tamén terán cabida nesta programación.

Os materiais sensoriais serán o núcleo dos diferentes proxectos, é dicir, cada material empregado pode dar lugar a un pequeno proxecto ou experiencia de aprendizaxe a partir da cal se desenvolverán os contidos das diferentes áreas.

Algúns materiais darán lugar a experiencias máis concretas e puntuais mentres que outros poderanse converter en proxectos de maior amplitude e complexidade dependendo da motivación, curiosidade, interese e participación das pequenas e pequenos. Estes serán os que marquen e dirixan o desenvolvemento dos diferentes proxectos.

- Asemblea

Os momentos de asemblea (non só a que é frecuente realizar a entrada, haberá mais momentos de reunión) terán gran importancia no desenvolvemento do proxecto xa que van permitir que os nenos debatan, discutan e decidan sobre diferentes aspectos e cuestións favorecendo, ademais, que as nenas e nenos establezan relacións interpersoais, vínculos afectivos e sobre todo que se sentan membros do grupo e participen de forma activa nel.

Para a mestra ou mestre tamén serán momentos moi importantes nos que poderá realizar tanto unha avaliación inicial e coñecer as ideas previas dos nenos e nenas, un seguimento do desenvolvemento da proposta como unha avaliación final analizando os coñecementos que adquiriron. Estes momentos son de gran relevancia para a documentación do proxecto polo que o profesor ou profesora poderá anotar as conversas ou incluso gravalas cunha gravadora, cámara de fotos ou de vídeo.

- Xogo

O xogo é unha das principais estratexias metodolóxicas empregadas no desenvolvemento das diferentes actividades. A mestra ou mestre propón

diferentes experiencias a través de xogos que resulten atractivos e motivadores para os nenos e nenas.

Mentres que os nenos e nenas xogan manipulan diferentes materiais nun espazo e nun tempo. Desta maneira, crean diferentes situacións cagadas de emotividade e simbolismo nas que manifestan ou recrean as súas propias vivencias ou experiencias ao mesmo tempo que se desenvolve a capacidade de relación e interacción cos demais.

- Afectividade

As nenas e nenos deben sentirse seguros e construír o seu coñecemento a partir da formación dunha auto imaxe positiva. Así, a afectividade será unha característica importante ao longo de toda a proposta. O profesorado debe mostrarse cariñoso cos nenos e nenas para que estes últimos se poidan sentir acollidos e cómodos.

A docente ou o docente debe atender a individualidade de cada neno e nena dentro do grupo. Así, se un pequeno ou pequena se mostra con medo poderá calmalo e transmitirlle seguridade, se se mostra indeciso poderá animalo aportándolle confianza, se está contento e alegre poderá compartilo con el, etc. Para todas estas situacións é imprescindible que a afectividade sexa a guía de todas estas, e outras, situacións de ensino-aprendizaxe.

Ademais, a profesora ou profesor encargarse de fomentar as relacións afectivas entre o grupo de iguais.

3. Papel do profesorado.

O mestre ou mestra é unha guía no proceso de ensino-aprendizaxe que se involucra nos proxectos propoñendo xogos e experiencias coas que os nenos observan, formulan hipóteses, investigan, imaxinan, crean, etc. Ademais, proporcionalles ferramentas que lles permiten construír novas aprendizaxes. A mestra é unha mediadora, unha compañeira no proceso de aprendizaxe xa que acompaña ao neno ou nena e intervéen en cada caso prestando axuda, suxerindo, propoñendo, cuestionando, etc.

É a encargada de crear un ambiente educativo no que realizará valoracións positivas e negativas segundo as situacións que se produzan en cada momento. Neste, os nenos e nenas poden opinar libremente, expresar os seus sentimentos ou as súas inquedanzas, nunhas condicións de escoita, aceptación e respecto.

A docente forma altas expectativas das posibilidades dos nenos e nenas e demóstralles a confianza que ten nas súas capacidades. Para isto, proponlles desafíos ou retos nos que apreciará a superación destes igual que os erros e a tolerancia ante a frustración como parte moi positiva da aprendizaxe. Así, poderá transmitirlles aos pequenos e pequenas que as equivocacións son un paso máis no proceso de aprendizaxe.

4. Papel do alumnado.

Con esta proposta, os nenos e nenas convértense nos protagonistas desta xa que participarán de forma activa en cada unha das experiencias e proxectos que se propoñen. Así, os nenos e nenas aprenderán facendo e irán construíndo o seu propio coñecemento. Nas diferentes experiencias poderán manipular, experimentar, imaxinar, xogar, crear, etc.

Ademais, os nenos e nenas poden propoñer experiencias ou proxectos do seu interese que a mestra necesariamente debe incluír na proposta. Deste xeito, a iniciativa e a participación das nenas e nenos concreta na aula a planificación inicial desta.

5. Agrupamentos.

Durante o desenvolvemento da programación empréganse diferentes formas de agrupamento. Algunhas experiencias realízanse en grupo clase e outras en pequenos grupos ou parellas de traballo. O traballo individual tamén será importante en algunhas actividades. Ademais, poderíase traballar con outras clases do mesmo curso ou doutros para enriquecer algunhas das propostas.

6. Apertura ao contorno.

As familias e o resto da comunidade educativa teñen cabida nesta proposta para poder participar de forma activa e formar parte desta mesma.

- Familias

Nas diferentes experiencias que se propoñen ao longo de todo o proxecto invítase ás familias dos nenos e nenas a participar no desenvolvemento destas. Ademais de contar coa súa colaboración para aportar materiais preténdese abrir a aula ás familias para que estas poidan participar nas propias experiencias e facer que os nenos e nenas sintan que realizan un importante traballo.

Búscase que as familias de todos os nenos e nenas se involucren no proxecto atendendo sempre ás súas posibilidades e ás aportacións coas que poidan contribuir ao desenvolvemento do mesmo.

- Comunidade educativa

Dependendo das características de cada centro, a mestra e os propios nenos e nenas poderán realizar diferentes experiencias tendo en conta a todas as persoas implicadas como pode ser ao conserxe, ao cocinheiro (se hai comedor), ao persoal de limpeza, aos xardiñeiros se é o caso, etc.

4.6.2 Relación de experiencias e proxectos.

Esta planificación organízase en 15 pequenos proxectos de diferentes duracións e temáticas que conforman un gran proxecto anual no que se traballa a partir das sensacións para favorecer o desenvolvemento integral dos nenos e nenas. Cada un conta con identidade propia pero todos son de carácter sensorial e favorecen o desenvolvemento dos sentidos. Estes proxectos, e as experiencias que neles se desenvolven, preséntanse de xeito que resulten atractivos para os nenos e nenas e así garantir a súa motivación e curiosidade.

A *caixa dos segredos* convértese nun recurso moi empregado polo profesorado xa que o misterio e a curiosidade que a envolve resulta moi atractiva. O profesorado introduce dentro dela diferentes materiais que amosa aos pequenos e pequenas de un en un, estes últimos teñen que gardar o segredo ata que todos saiban que é o que agocha.

Os *contos* tamén son un recurso moi empregado nos proxectos tanto para presentalos como para desenvolvelos. En moitas ocasións, a caixa dos segredos esconde contos. Isto provoca que resulten máis atractivos para os nenos e nenas e, por tanto, que o seu interese sexa maior.

A organización destes pequenos proxectos realízase atendendo aos acontecementos que marca o calendario do curso escolar para garantir que á aprendizaxe sexa contextualizada e acorde. Así, os proxectos distribúense neste calendario tendo en conta as estacións e as actividades propias de cada unha delas, tendo en conta o contexto de referencia (a vendima, a recollida de mel, a plantación da horta, a elaboración do xardín, etc.) así como as festividades propias da cultura galega (o samaín, o nadal ou o entroido).

Na táboa 1, que se mostra a continuación, preséntase dunha forma moi visual a organización e temporalización dos pequenos proxectos dentro do calendario do curso escolar. De todos xeitos é importante destacar que non se trata dun guión ríxido senón dunha organización flexible que serve de guía para levar a cabo a acción educativa.

PLAN ANUAL								
1º TRIMESTRE							SETEMBRO	
							10-14	BENVIDOS AO COLE
							17-21	
							24-28	
	OUTUBRO			NOVEMBRO			DECEMBRO	
	1-5	A VENDIMIA	TEXTURAS DO OUTONO	5-9	ARTE A SACO	3-7	AS SENSACIÓNS DAS CORES	
8-12		12-16		10-14				
15-19	MEL DE ABELLA	19-23		17-21				
21-26	O SAMAÍN	26-30						
29-2N								
2º TRIMESTRE	XANEIRO		FEBREIRO		MARZO			
	7-11	GÚSTAME O CHOCOLATE	O INVERNO XA CHEGOU	4-8	FESTA RACHADA	4-8	QUÉ TAL VEXETAL?	
	14-18			14-15		11-15		
	21-25	CAFÉ OU TÉ?		18-22		18-22		
28-1F	25-1M							
3º TRIMESTRE	ABRIL		MAIO		XUÑO			
	1-5	EN ABRIL FLORES MIL	OLOR A PRIMAVERA	29A-3	XARDÍN AROMÁTICO	OLOR A P...:	3-7	UN VERÁN NA PRAIA
	8-12			6-10			10-14	
	15-19	ESPECIAS SURTIDAS	13-17	FROITOS VERMELLOS: AMORODOS FRAMBOESAS E CEREIXAS	17-21			
	22-26		20-24					
	27-31							

Táboa 1 : Plan anual.

As experiencias que se realizan resúmense nos anexos correspondentes a cada un dos 15 proxectos que, a continuación, se explican de forma sintetizada.

1. Benvidos ao cole.

Con este proxecto iniciase a proposta didáctica. As experiencias que se propoñen son as características do período de adaptación e teñen como finalidade acoller aos nenos e nenas de 3 anos que en moitos casos inician a súa escolarización por primeira vez. A finalidade é que o alumnado se sinta seguro e poida coñecer aos seus compañeiros e compañeiras, o centro e as dinámicas que se van seguir na aula. Así, establécense as rutinas que se van seguir ao longo do curso como o momento da asemblea, cantar os bos días, escoller recuncho ou controlar a asistencia. Nestas actividades iniciais realízase un achegamento ao tema das sensacións que vai ser o fío condutor de toda a proposta. (Ver anexo 1).

As actividades típicas do outono como a vendima, a recolecta de mel e o samín permiten desenvolver tres pequenos proxectos que inician aos pequenos e pequenas na metodoloxía do traballo por proxectos. Ademais, neste caso permiten traballar as sensacións que producen as texturas do outono.

2. A vendima.

Neste proxecto desenvólvense experiencias coas que se pretende que os nenos e nenas experimenten diferentes sensacións a medida que investigan e coñecen como é o proceso de vendima. Os nenos e nenas poderán ver de onde saen as uvas, como é a súa planta, probar a que saben, coñecer que tipos hai, divertirse na elaboración do mosto, probar diferentes mostos, etc. (Ver anexo 2).

3. Mel de abella.

Coas experiencias que se realizan neste proxecto, os nenos e nenas experimentan diferentes sensacións a medida que investigan e aprenden como se elabora o mel e como se extrae das colmeas. Así, os nenos e nenas poderán probar diferentes tipos de mel, coñecer as súas propiedades, descubrir a importancia que ten na alimentación, valorar o traballo que realizan as abellas, comprender a relación entre as flores e a mel, etc. (Ver anexo 3).

4. O Samaín.

Neste caso, a celebración do samaín aprovéitase para realizar un pequeno proxecto no que os nenos e nenas experimentan sensacións producidas pola manipulación de cabazas. Nas experiencias propostas, o alumnado poderá decorar cabazas realizando deseños diferentes e persoais con diferentes materiais, elaborar algunha receita con cabazas, recoller as sementes para plantar máis adiante e mesmo realizar obras de arte con elas. (Ver anexo 4).

5. Arte a saco.

Neste proxecto realízanse experiencias que permiten que os nenos e nenas experimenten diferentes sensacións a medida que desenvolven a súa competencia artística. A súa finalidade é favorecer o gusto pola arte valorando as creacións artísticas que realizan os pequenos e pequenas. Así, os nenos e nenas poderán coñecer diferentes técnicas empregando diferentes materiais, coñecer diferentes pintores ou escultores e as súas obras, visitar exposicións de diferente índole ou o propio taller dun artista, etc. Ao finalizar o proxecto elabórase unha exposición coas creacións do alumnado que se irá completando a medida que avanza o curso. (Ver anexo 5).

6. As sensacións das cores.

As experiencias que se desenvolven neste proxecto permiten que o alumnado experimente diferentes sensacións con materiais de diversas cores que favorecen o aprendizaxe destas. Moitas destas experiencias empregan como material sensorial as froitas. Deste xeito, os nenos e nenas poden comprender a importancia que teñen na alimentación. (Ver anexo 6).

Despois das vacacións de nadal, e coa chegada do inverno e do frío, desenvólvense dous proxectos nos que se realizan experiencias nas que o alumnado experimenta, entre outras, sensacións de frío e calor.

7. Gústame o chocolate.

Neste proxecto elabóranse experiencias nas que os nenos e nenas experimentan as sensacións que pode producir este alimento mentres investigan e coñecen de onde ven, como se prepara, cales son as súas propiedades etc. Ademais, estas experiencias favorecen que os pequenos e pequenas comprendan a importancia de non abusar do seu

consumo. A creación artística tamén xoga un papel moi importante no seu desenvolvemento. (Ver anexo 7).

8. Café ou té?

Igual que no proxecto anterior, os nenos e nenas investigan de onde proceden o café e o té, como se preparan, cales son as súas propiedades, etc. e realizan creacións que favorecen o desenvolvemento da competencia artística. (Ver anexo 8).

9. Festa rachada.

No desenvolvemento deste proxecto elabóranse as experiencias que parten da celebración do entroido. Os nenos e nenas crean os seus propios disfraces pero tamén aprenden cales son as comidas típicas desta festa, a importancia da música nas festas, os diferentes tipos de instrumentos que existen, etc. Ademais, a expresión musical enténdese como unha forma de arte e como fonte de pracer e gozo e o alumnado experimenta sensacións cos diferentes sons que producen. (Ver anexo 9).

10. Que tal vexetal?

Retomando a importancia dunha boa alimentación, as experiencias que se desenvolven neste proxecto pretenden favorecer uns bos hábitos alimenticios. Durante o seu desenvolvemento, os nenos e nenas aprenden a coidar e cultivar diferentes vexetais e ven a evolución que segue unha semente ata formar unha planta. (Ver anexo 10).

As sensacións que producen os olores da primavera dan lugar a pequenos proxectos que contribúen, especialmente, ao desenvolvemento do olfacto.

11. En abril flores mil.

Coa elaboración deste proxecto realízanse experiencias que se resumen no anexo 11 coas que os nenos e nenas descubren as flores como fonte sensacións debido ao gran colorido que posúen, ao aroma que desprenden e a suavidade que as caracteriza. (Ver anexo 11).

12. Espicias surtidas.

Neste proxecto, os pequenos e pequenas realizan experiencias aromáticas nas que os nenos e nenas desenvolven o sentido do olfacto a medida que realizan creacións,

experimentan e manipulan elementos de uso cotiá tales como as especias. Así, aprenden de onde se obteñen, onde se empregan e as propiedades que posúen mentres experimentan sensacións agradables ou desagradables producidas polos seus aromas. (Ver anexo 12).

13. Xardín aromático.

Neste proxecto os nenos e nenas elaboran un xardín con plantas aromáticas. O alumnado poderá investigar e coñecer as diferentes propiedades que posúen estas plantas a medida que recollen a información nun libro. Ademais, poderán experimentar as sensacións de relaxación e tranquilidade que proporcionan certos aromas. (Ver anexo 13).

14. Froitos vermellos: amorodos, framboesas e cereixas.

Tendo en conta a importancia dunha boa alimentación e o papel que xogan as froitas nesta, este proxecto desenvólvese a través de experiencias con froitas da temporada como son os amorodos, as framboesas e as cereixas. Estas están pensadas para que os nenos e nenas experimenten sensacións que favorecen, especialmente, o desenvolvemento do sentido do gusto. (Ver anexo 14).

15. Un verán na praia.

Este proxecto desenvólvese tendo en conta a próxima chegada do verán. Así, os nenos e nenas realizan experiencias que favorecen a experimentación de novas sensacións producidas polos recurso que ofrece este medio natural tan característico no verán. (Ver anexo 15).

Todos estes proxectos son documentados grazas ás anotacións realizadas polo profesorado, ás fotos que realiza o alumnado e o profesorado, ás diferentes gravacións que se realizan e aos traballos e creacións realizadas polos nenos e nenas. Con cada un destes proxectos pódese realizar unha reportaxe audiovisual e un libro, recollendo así todo o proceso de ensino-aprendizaxe.

4.7 PROPOSTA DE AVALIACIÓN.

A proposta de avaliación debe ter en conta os criterios de avaliación e, ademais, incluír aos 3 implicados no desenvolvemento desta programación: ao alumnado, ao profesorado e á propia programación.

4.7.1 Criterios de avaliación.

Os criterios de avaliación que se van avaliar coa posta en práctica desta proposta didáctica elabóranse tendo en conta o *Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia* e son os seguintes:

- Área: Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.
 - Recoñecer os sentidos e identificar percepcións e sensacións.
 - Recoñecer, identificar e representar o corpo e as súas partes.
 - Coordinar e controlar o corpo e as súas posibilidades motrices.
 - Construír unha imaxe positiva manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións.
 - Identificar e valorar positivamente a diversidade.
 - Identificar sentimentos, vivencias e emocións comprendendo as dos demais.
 - Participar nos xogos mostrando habilidades manipulativas e destrezas motoras.
 - Participar nos xogos e actividades colectivas tendo en conta as normas polas que se rexen.
 - Resolver problemas da vida cotiá de forma autónoma.
 - Manifestar hábitos de saúde, alimentación saudable e hixiene persoal.
 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas.

- Área: Coñecemento do contorno.
 - Explorar obxectos e elementos do entorno inmediato recoñecendo as súas características.
 - Empregar os números para contar e ordenar elementos da realidade.
 - Comprender relacións de diferentes magnitudes.
 - Recoñecer algunhas formas xeométricas básicas.
 - Empregar nocións básicas espaciais (dentro, fora, preto, lonxe, etc.) e temporais (antes, despois, onte, hoxe, maña, etc.)
 - Respectar o medio natural favorecendo a súa conservación.

- Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do seu entorno.
 - Recoñecer e identificar servizos comunitarios
 - Recoñecer e valorar algunhas manifestacións culturais.
- Área: Linguaxes: comunicación e representación.
- Utilizar a lingua oral para establecer unha comunicación positiva.
 - Comprender mensaxes orais mantendo unha actitude de escoita atenta e respectuosa.
 - Amosar interese pola escritura e a lectura.
 - Gozar coa escoita e lectura de contos e relatos.
 - Utilizar a biblioteca como fonte de información, entretemento e gozo.
 - Expresarse e comunicarse empregando diferentes materiais e técnicas artísticas.
 - Gozar coas súas producións compartindo experiencias creativas e estéticas.
 - Empregar a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como medio de expresión e comunicación.

4.7.2 Avaliación da aprendizaxe do alumnado.

A avaliación do alumnado debe ser un proceso continuo que se realiza ao principio do proceso de aprendizaxe (avaliación inicial), durante o proceso do mesmo (avaliación continua), e ao remate deste (avaliación final).

➤ Avaliación inicial.

A avaliación inicial cumpre unha función de diagnóstico. A finalidade desta avaliación é comprobar se cada alumno e alumna ten adquiridos os coñecementos, habilidades e actitudes que requiren os novos aprendizaxes (Parra Ortiz, 2010).

Para levar a cabo esta avaliación e obter toda a información necesaria, é importante establecer unha boa comunicación coas familias. A través das entrevistas iniciais pódense coñecer as características máis destacables da vida persoal do neno ou nena no referente ao seu desenvolvemento evolutivo e aos aspectos que se refiren á súa vida cotiá.

Neste caso, o período de adaptación cobra especial relevancia xa que durante o seu transcurso a mestra ou mestre realiza observacións directas que serven para o deseño desta tendo en conta o mencionado anteriormente.

➤ Avaliación continua.

A avaliación continua cumpre unha función formativa. Esta permite coñecer os progresos e dificultades, bloqueos, etc. que atopa o neno ou nena no proceso de aprendizaxe e a súa recondución no momento oportuno (Parra Ortiz, 2010).

En cada unha das experiencias que realizan os nenos e nenas observárase a motivación, o grado de comprensión, o esforzo, o interese e a actitude que mostran durante a súa realización.

De forma xeral, o profesorado avalía unha serie de aspectos básicos relacionados co desenvolvemento e aprendizaxe do alumnado tales como as relacións sociais, a adaptación á escola, a adquisición de hábitos, o avance progresivo no dominio da psicomotricidade, a participación nas situacións de xogo, o coñecemento do entorno, a linguaxe verbal, a lóxica-matemática, a expresión artística e as actitudes, valores e normas.

A observación directa e sistemática é a principal técnica de avaliación que se emprega. E os instrumentos de recollida de información que se utilizan son o diario de clase elaborado pola docente e as probas fotográficas e audiovisuais, así como as propias producións do alumnado.

➤ Avaliación final.

A avaliación final cumpre unha función sumativa. O propósito é comprobar o nivel de aprendizaxe (coñecementos, hábitos, habilidades, actitudes, etc.) de cada alumno e alumna e ver se este se corresponde cos obxectivos inicialmente previstos (Parra Ortiz, 2010).

A partir das observacións realizadas e prestando atención aos obxectivos establecidos e aos criterios de avaliación elabórase un informe final de carácter descritivo que recolle a evolución da aprendizaxe de cada neno e nena.

4.7.3 Avaliación do profesorado.

Ademais de avaliar ao alumnado, é moi importante avaliar a actividade docente prestando atención aos seguintes aspectos:

- Aptitudes docentes: flexibilidade para adaptarse ás necesidades e intereses dos nenos e nenas, coñecer a personalidade dos nenos e nenas, inventiva para adaptarse a novas situacións, etc.

- Competencia docente: competencia para planificar a acción educativa, deseñar estratexias metodolóxicas, escoller materiais, organizar espazos, etc.
- Actuación docente: a forma de actuar do mestre ou mestra na aula tendo en conta a súa competencia e o contexto onde realiza a acción da ensinanza.
- Efectividade docente: determínase polos resultados que logra o profesor ou profesora.

4.7.4 Avaliación da proposta didáctica.

Do mesmo xeito tamén é de gran importancia avaliar a programación que se propón tendo en conta os seguintes aspectos:

- Selección dos obxectivos: coherencia coa idade do alumnado, claridade e comprensibilidade., adecuación á proposta.
- Selección de contidos: coherencia coa idade do alumnado, relación entre contidos novos e os xa adquiridos, adecuación á proposta.
- Contribución á consecución das competencias básicas: grao no que se adquiren as diferentes competencias e se todas se desenvolven por igual.
- Metodoloxía empregada: idoneidade das estratexias metodolóxicas empregadas, organización do espazo adecuada, espazos ben definidos, ambiente motivador, clima afectivo, agradable e seguro, flexibilidade dos tempos, duración da programación adecuada, selección de material axeitado, o material permite a súa utilización autónoma, as familias colaboran no desenvolvemento da proposta, a comunidade educativa participa en diferentes actividades da programación, adecuación das experiencias propostas aos obxectivos e contidos que se pretenden acadar, as experiencias son coherentes coa realidade dos nenos e nenas, as experiencias resultan interesantes e motivadoras, etc.
- Selección das técnicas e instrumentos de avaliación: adecuación á programación, recollen información necesaria, etc.

4.8 ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Segundo o *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*, enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Nesta proposta, o profesorado debe prestar atención a individualidade de cada neno ou nena para adaptar a acción educativa, os diferentes proxectos e experiencias ás súas necesidades e intereses. Ademais, é importante ter en conta que, durante a realización das diferentes experiencias que se propoñen neste proxecto, os nenos e nenas non experimentan as sensacións da mesma maneira.

Segundo este mesmo decreto, enténdese por alumnado con necesidade específica de apoio educativo aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

Neste caso, a mestra ou mestre debe adaptar as experiencias propostas nesta programación didáctica ás necesidades específicas de apoio educativo que presentan os nenos e nenas favorecendo a súa participación nestas.

É importante ter en conta que a participación destes nenos e nenas na proposta didáctica é moi positiva de cara aos mesmos debido a gran estimulación sensorial que lles proporciona e de cara a mesma proposta xa que a fai moito máis enriquecedora.

4.9 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

As actividades complementarias defínense como aquelas que están integradas na actividade lectiva normal, que se realizan con finalidade eminentemente pedagóxica e que están encamiñadas ao desenvolvemento das capacidades básicas do alumnado.

Defínense as actividades extraescolares como aquelas que oferta o centro unha vez rematado o horario lectivo, que teñen carácter lúdico-educativas e culturais e que están encamiñadas a facer efectivos os principios xerais.

A proposta didáctica conta con diferentes actividades complementarias nas que se reciben visitas no centro ou nas que se realizan saídas durante a xornada escolar e actividades extraescolares que se realizan fora do horario escolar, tal e como podemos ver no anexo 16.

5 VALORACIÓN, CONCLUSIONES E APLICABILIDADE.

Para elaborar a miña valoración persoal sobre o traballo realizado e as conclusións ás que chego organizarei o discurso dando resposta a cada un dos obxectivos formulados.

Partindo de que se establecía como obxectivo xeral deseñar unha programación anual para o segundo ciclo da educación infantil, concretamente para nenos e nenas de 3 a 4 anos, enténdese que este obxectivo foi acadado toda vez que a valoración que se fai dos obxectivos específicos e a seguinte.

En primeiro lugar, logrouse unha xustificación teórica que axuda a enfocar o marco da proposta didáctica atendendo ás características evolutivas e de aprendizaxe do alumnado, ao rol do alumnado e do profesorado, ao papel do entorno na ensinanza, ao traballo por proxectos, á documentación destes e á importancia da colaboración coas familias e a participación da comunidade educativa. Todo isto tendo en conta os contidos que se van desenvolver e o tipo de persoa que se quere formar.

En segundo lugar, a selección de obxectivos e a concreción de contidos establececese tomando como referencia o currículo da educación infantil e tendo en conta que se trata dunha proposta anual. En terceiro lugar, o desenvolvemento da proposta didáctica contribúe á consecución das oito competencias básicas que se recollen no currículo da educación infantil. En cuarto lugar, os proxectos e as experiencias que se propoñen garanten o desenvolvemento dunha proposta didáctica flexible, contextualizada e innovadora. Por último, a proposta de avaliación que se propón adecúase ao proceso de ensino-aprendizaxe e atende aos implicados neste, é dicir, ao alumnado, ao profesorado e á propia proposta.

En canto á aplicabilidade desta proposta, é necesario indicar que parte dela xa se puxo en práctica durante o Practicum II. A raíz desta experiencia e da reflexión sobre as súas posibilidades, unificase nun proxecto anual que se caracteriza pola súa flexibilidade e adaptación. Estas características favorecen a posta en práctica desta programación anual en diferentes centros e contextos.

6 BIBLIOGRAFÍA.

Abad Molina, J., & Ruiz de Velasco Gálvez, Á. (2011). *El juego simbólico*. Barcelona: Graó.

Aránega, S. (2008): *La programació en el nou currículum*. Barcelona: Rosa sesat.

Arias Correa, A., Arias Correa, D., Navaza Blanco, M., & Rial Fernández, M. (2009). *O traballo por proxectos en infantil, primaria e secundaria*. Xunta de Galicia.

Bassedas, E., Huguet, T., & Solé, I. (1998). *Aprender y enseñar en educación infantil*. Barcelona: Graó.

Beresaluce Díez, R. (2009). *Las escuelas municipales de Reggio Emilia como modelo de calidad en la etapa de educación infantil*. Alicante: Editorial Club Universitario.

Bonastre, M., & Fusté, S. (2007). *Psicomotricidad y vida cotidiana (0-3 años)*. Barcelona: Graó.

Cardo, C., & Vila, B. (2005). *Material sensorial (0-3 años). Manipulación y experimentación*. Barcelona: Graó.

Dahlberg, G., Moss, P., & Pence, A. (2005). *Más allá de la calidad en educación infantil*. Barcelona: Graó.

Egido, I. (2010). Algunos modelos actuales de educación infantil. En J. Ruiz Berrio, & C. Sanchidrián, *Historia y perspectiva actual de la educación infantil* (págs. 336-341). Barcelona: Graó.

Fusté, S., Martín, L., Masnou, F., Palou, S., & Thió de Pol, C. (2005). Jugando para vivir, viviendo para jugar: el juego como motor del aprendizaje. En M. Anton, *Planificar la etapa 0-6. Compromiso de sus agentes y práctica cotidiana*. (págs. 127-163). Barcelona: Graó.

Hoyuelos, A. (2001). *La educación infantil en Reggio Emilia*. Barcelona: Octaedro.

Juan Vera, M., & Pérez López, J. (2010). El constructivismo en la educación infantil: Ausubel, Bruner, Vigotsky. En C. Sanchidrián, & J. Ruiz Berrio, *Historia y perspectiva actual de la educación infantil*. (págs. 293-306). Barcelona: Graó.

Llenas, P., & Thió de Pol, C. (2005). Pequeños y competentes: de las actividades cotidianas al aprendizaje de la autonomía. En M. Antón, *Planificar la etapa 0-6. Compromiso de sus agentes y práctica cotidiana*. (págs. 69-125). Barcelona: Graó.

Oller, M. (2005). Las familias también cuentan. En M. Anton, *Planificar la etapa 0-6. Compromiso de sus agentes y práctica cotidiana*. (págs. 35-56). Barcelona: Graó.

Palou, S. (2005). La vivencia emocional de la infancia. En M. Anton, *Planificar la etapa 0-6. Compromiso de sus agentes y práctica cotidiana*. (págs. 57-68). Barcelona: Graó.

Parra Ortiz, J. (2010). *Manual de didáctica de la educación infantil*. Madrid: Garceta.

Quinto Borghi, B. (2005). *Los talleres en educación infantil. Espacios de crecimiento*. Barcelona: Graó.

Salinas, D. (1994). La planificación de la enseñanza: ¿Técnica, sentido común o saber profesional? En J. Angulo, & N. Blanco, *Teoría y desarrollo del currículum*. (págs. 135-160). Málaga: Aljibe.

Vega, S. (1995): *Manipulando materiales*. *Infancia*, 33, septiembre-octubre.

Vega, S. (2006): *Ciencia 0-3. Laboratorios de ciencias en la educación infantil*. Barcelona: Graó.

Vega, S. (2012): *Ciencia 3-6. Laboratorios de ciencias en la educación infantil*. Barcelona: Graó.

7 ANEXOS.

ANEXO 1: BENVIDOS AO COLE.

BENVIDOS AO COLE		
EXPERIENCIAS	<i>Xogo libre.</i>	Durante os primeiros días, os nenos e nenas poden xogar libremente na aula para ir familiarizándose con esta e así sentirse cada vez máis seguros e cómodos. Poderán explorar os diferentes espazos e recursos da aula e comezar a establecer relacións cos compañeiros e compañeiras.
	<i>Coñecemos o cole.</i>	A mestra ou mestre realiza un percorrido polo centro para que os nenos e nenas o coñezan. Así, amósalles os baños, a biblioteca, o patio, o ximnasio ou pavillón deportivo, a aula de música, o comedor se é o caso, etc.
	<i>Cantamos os bos días.</i>	<p>Pola mañá, reunidos en asemblea e sentados no corcho ou alfombra, a mestra ou mestre ensínalles unha canción aos nenos e nenas que cantará cada mañá ao chegar á aula.</p> <p><i>“- Bos días nenos como estades? - Ben! - E os vosos amiguiños como están? - Ben! - Xogaremos todos xuntos, moitas cousas aprenderemos. Bos días nenos como estades? - Ben!”</i></p> <p>Os nenos e nenas, co paso dos días, asocian esta canción ao momento de entrada. Así, comezan a sentirse seguros ea participar nas dinámicas da aula.</p>
	<i>Asemblea.</i>	<p>Pola mañá, os nenos e nenas reúnen en asemblea no corcho ou na alfombra da aula. Esta última pode ser substituída por unha alfombra máis persoal que as propias familias poden vir a elaborar a aula.</p> <p>A mestra propón que a alfombra se elabore con diferentes texturas (materiais suaves, rugosos, acolchados, ásperos, etc.).</p> <p>Esta rutina é de gran importancia no día a día da aula e no desenvolvemento da programación e dos pequenos proxectos e experiencias que a conforman.</p>
	<i>Pícame.</i>	Sentados en asemblea, o profesor ou profesora explica un xogo no que os nenos e nenas din como se chaman e unha parte do corpo que lles pica. Deste xeito todos os nenos e nenas irán dicindo o seu nome a modo de presentación para os demais compañeiros. Este xogo axúdalles a coñecerse e identificarse.

<p><i>Pelota-nome</i></p>	<p>A mestra ou mestre explica un xogo no que colle unha pelota e di o seu nome e pásalla a un neno ou nena para que faga o mesmo. Este proceso repítese ata que todos os nenos e nenas se presentan. Pódense ir facendo varias rondas nas que os nenos e nenas digan o seu nome e algo que lles gusta, ou onde viven, ou cal é a súa comida favorita. Tamén se pode ir cambiando de pelota atendendo á súa textura, tamaño ou color (pelotas brandas, duras, de esponxa, de goma, grandes, pequenas, etc.).</p>
<p><i>Estamos todos?</i></p>	<p>Esta actividade realízase todas as mañás durante a asemblea. Cada día un dos nenos e nenas será o encargado de comprobar quen asiste a clase e quen falta. Para isto a mestra ou mestre ten preparado de ante man unha casa e unha escola coas fotos dos nenos e nenas en velcro. Deste xeito poderá colocar as fotos dos nenos e nenas que están na aula nas ventás da escola. As fotos dos nenos e nenas que faltan colócaas nas ventás da casa. Co paso do tempo, os nenos e nenas coñecen a todos os seus compañeiros e compañeiras e non tardan en identificar aos que están no cole e aos que quedan na casa.</p>
<p><i>Escollemos recuncho.</i></p>	<p>Os nenos e nenas escollen en que recuncho queren estar no momento do xogo. Cada día comeza elixindo o encargado para que non sexan sempre os mesmos os que empezan escollendo. O grupo clase debe distribuírse de forma equitativa nos diferentes recunchos e cada día da semana irán a un distinto. Os recunchos poden ir variando ao longo do curso: casiña, coches, lóxica, plástica, letras, cosidos, crebacabezas, etc.</p>

ANEXO 2: A VENDIMA.

A VENDIMA	
EXPERIENCIAS	<p><i>Uvas de diferentes cores.</i></p> <p>A mestra ou o mestre agocha na caixa dos segredos racimos de uvas de diferentes tipos e de diferentes cores. Na asemblea amósalles a cada neno e nena de un en un, e sen que ninguén descubra o segredo, o que esconde a caixa dos segredos.</p> <p>O profesor ou profesora preguntalles se lles gustan as uvas, que se fai con elas, de onde saen, porque son de diferentes cores, etc. Así, os nenos e nenas debaten e explican as súas opinións nunha choiva de ideas.</p> <p>Na momento da merenda os nenos e nenas poderán probar os diferentes tipos de uvas. A mestra ou mestre indícalle aos nenos e nenas a importancia de comer moita froita.</p>
	<p><i>Uvas con pintura de dedos.</i></p> <p>A mestra ou mestre entrégalle aos nenos e nenas un debuxo dun racimo de uvas sen pintar e propón que cada neno e nena molle o seu dedo en pintura de dedos e deixe a pegada deste en cada uva. Os nenos e nenas poderán escoller as cores das uvas que viron con anterioridade.</p>
	<p><i>Investigamos sobre a vendima.</i></p> <p>Para saber máis sobre as uvas e a vendima, as nenas e nenos, coa axuda do profesor ou profesora, buscan información na rede ou na biblioteca. Así poden ver imaxes e vídeos sobre o proceso de vendima e os tipos de uva que se empregan. Ademais poderán preguntarlle á súa familia e no seu entorno.</p>
	<p><i>Parras cheas de uvas.</i></p> <p>Probablemente preto do centro ou na casa dalgún familiar poidamos ver algún emparrado de uvas. Se é posible, a mestra ou mestre propón visitar un emparrado contando coa colaboración das familias. Os nenos e nenas poderán ver a planta das uvas e sacarlle fotos coa cámara.</p>
	<p><i>A vendima no cole.</i></p> <p>A mestra ou mestre proponlle ao alumnado realizar o proceso da vendima na aula como se facía antigamente, pisando as uvas cos pes.</p> <p>As familias tamén poderán participar nesta experiencia, aportarán uvas de diferentes tipos e tamén poderán acudir ao centro a ver como se realiza e mesmo a participar na actividade de esmagar as uvas.</p> <p>Para poder realizar esta experiencia o profesorado coloca varios barreños nos que se esmagan os diferentes tipos de uva. Ademais tamén se colocan barreños nos que se lavan os pes antes e despois de pisar a uva. A mestra ou mestre fai fincapé na importancia da hixiene.</p> <p>Os nenos en parellas ou pequenos grupos, dependendo do tamaño dos barreños, esmagan as uvas cos pés experimentando un sen fin de sensacións. O mosto obtido embotéllase e gárdase para outra experiencia.</p>

Cata de mosto.

Nesta experiencia os nenos e nenas olen e saborean os diferentes mostos obtidos durante o proceso de vendima e comprobar cal lles gusta mais. Ademais poderán levalos para a súa casa en botellas de plástico e que as familias tamén poidan probalos. Tamén se pode deixar algunha botella na aula para que os nenos e nenas ulan o mosto a medida que fermenta e se converte en viño.

ANEXO 3: MEL DE ABELLA.

MEL DE ABELLA	
EXPERIENCIAS	<p>Tarros de mel.</p> <p>A mestra ou mestre agocha na caixa dos segredos un tarro de mel. Durante a asemblea, amósalle aos nenos e nenas o que hai na caixa. Ademais pregúntalles se saben o que é, quen fabrica este alimento, como se come, deixa que a ulan, que a toquen e que a saboreen. Os nenos e nenas debaten e dan as súas ideas previas sobre este alimento.</p>
	<p>Investigamos sobre as abellas.</p> <p>Os nenos e nenas coa axuda da mestra ou mestre buscan información sobre as abellas e a mel a través da rede ou na biblioteca. Tamén poden pedirlle información ás súas familias. Seguramente a maioría dos nenos e nenas coñezan a serie de debuxos animados “La abeja Maya”. A mestra pode poñer na aula un capítulo no que se explique o funcionamento da colmea, a labor das abellas e o proceso de elaboración da mel.</p>
	<p>Visita dun apicultor.</p> <p>O profesorado propón a visita dun apicultor ou apicultora para que lles explique aos nenos e nenas como extraen o mel da colmea. Podería darse o caso de que fose algún familiar das alumnas ou alumnos.</p>
	<p>Abellas de flor en flor.</p> <p>A mestra propón xogar a un xogo no que os nenos e nenas se convirten en abellas que viaxan de flor en flor. Esta actividade pode realizarse na propia aula ou no ximnasio ou pavillón deportivo para ter maior mobilidade.</p> <p>A mestra ou mestre prepara o espazo de xogo con antelación. Distribúe mesas por todo o espazo nas que coloca unha flor de cartolina como se fose un mantel. Encima deste coloca vasos con zume de diferentes froitas simulando o néctar das flores. Nunha esquina estende colchonetas que simbolizan o panal ou colmea. As nenas e nenos móvense por todo o espazo e irán bebendo dos zumes empregando unha palliña. Despois dun tempo, o profesor ou profesora pídelles ás abellas que regresen á colmea. Así, os nenos e nenas déitanse nas colchonetas e a mestra inicia unha sesión de relaxación. Deste xeito, o alumnado pode experimentar a sensación de movemento e de esgotamento e tamén a sensación de relaxación e de descanso.</p>
	<p>Mesturas con mel.</p> <p>A mestra ou mestre proponlle ao alumnado realizar mesturas con diferentes sustancias para ver o que sucede. Os nenos e nenas poderán mesturar auga con mel, auga con azucre, azucre e mel, etc. Despois de experimentar libremente, entre todos anótanse as conclusións da experiencia.</p>

<i>Cata de mel.</i>	Nesta experiencia os nenos e nenas poden degustar diferentes tipos de mel, prestando especial atención ás meles monoflorais. Despois de catar os diferentes tipos poden investigar acerca das súas propiedades.
<i>Pole de abella.</i>	A mestra ou mestre prepara vasos de plástico con auga, con leite frío, leite quente e con diferentes zumes. Os nenos e nenas disolven neles o pole empregando unha culler e saborean cada un para descubrir como lles gusta máis. Así, experimentan a sensación de frío calor e comprobán en cal se dissolve mellor o pole.

ANEXO 4: O SAMAÍN.

O SAMAÍN.	
EXPERIENCIAS	<p><i>Corre corre, cabaciña.</i></p> <p>No momento destinado a lectura de contos a mestra ou mestre mira dentro da caixa dos segredos e amósallela aos nenos e nenas un por un sen que ninguén diga o que hai dentro. Así, descubren un conto “<i>Corre corre, cabaciña</i>”. O profesor ou profesora le o conto e despois pregunta sobre as cabazas e a celebración do Samaín. Así, realízase unha choiva de ideas que na que a mestra ou mestre coñece as ideas previas dos cativos e cativas.</p>
	<p><i>Investigamos sobre as cabazas.</i></p> <p>Os nenos e nenas coa axuda da mestra ou mestre buscan na rede ou na biblioteca información sobre as cabazas e sobre a festa do Samaín. Tamén poden preguntar ás familias e no seu entorno.</p>
	<p><i>Cabazas de samaín.</i></p> <p>As familias participan traendo a escola cabazas (con algunhas é suficiente). As nenas e nenos experimentan e manipulan as cabazas mentres que a mestra ou mestre potencia e favorece que se fixen na súa textura, se é suave ou áspera, se é pesada ou lixeira, ver a cor que ten, no seu olor, ...</p> <p>A continuación, a profesora ou profesor abrirá as cabazas con un coitelo para que os nenos e nenas en pequenos grupos vexan que é o que teñen dentro e poidan tocalas. A mestra ou mestre pregunta se está seca ou mollada, se é dura por dentro igual que por fora, ofrécelles probala para ver a que sabe,...</p> <p>Se non xorde a idea, tamén lles propoñerá decorar as cabazas e preparar algunha receita con elas. Os nenos e nenas decóranas con material da aula en pequenos grupos e coa axuda da mestra para cortar a cabeza e manipular o coitelo. Unha vez decoradas a mestra colocará unha vela no seu interior que acenderá cando a aula estea a escuras.</p> <p>O interior das cabazas gárdase no frigorífico para realizar unha receita o próximo día. As sementes tamén se gardan para outras experiencias.</p>

<p><i>Biscoito de cabaza.</i></p>	<p>Nesta experiencia aproveítanse as cabazas do día anterior para realizar unha receita de biscoito de cabaza moi sinxela.</p> <p>En primeiro lugar, os nenos e nenas experimentan e manipulan os ingredientes do biscoito libremente (ovos, azucre, fariña, aceite e levadura). A mestra ou mestre sempre potenciará que o alumnado empregue os sentidos para descubrir novas sensacións.</p> <p>En segundo lugar, os nenos e nenas separan as sementes da carne da cabaza en pratos de plástico.</p> <p>En terceiro lugar, a mestra ou mestre quenta a cabaza no microondas e os nenos e nenas esmágana con garfos.</p> <p>En cuarto lugar, os nenos e nenas coa axuda da docente mesturan todos os ingredientes, por quendas irán empregando a batidora para facelo.</p> <p>En quinto lugar, métese o biscoito no forno e os cativos poderán ver como crece dentro del.</p> <p>Finalmente, o alumnado poderá probar o biscoito e tamén levar un anaco para a casa e compartir coa familia.</p> <p>A profesora ou profesor elabora unha ficha coa receita e cos debuxos dos ingredientes para que as nenas e nenos a pinten e así poidan levala á casa.</p>
<p><i>Cadro con sementes.</i></p>	<p>Gárdanse algunhas sementes de cabaza para sementar máis adiante e coas outras os nenos e nenas elaboran unha obra de arte. A mestra ou mestre axúdalles coa cola e os nenos e nenas pegan as sementes creando de forma libre a súa propia obra.</p>
<p><i>O Samaín.</i></p>	<p>Coas cabazas decorase a aula para a festa. Os nenos e nenas poden disfrazarse do que queiran e as familias tamén poden acudir á festa. Os nenos e nenas realizan unhas tarxetas para convidar ás súas familias a participar. A celebración pode ser a nivel de aula, de ciclo ou de centro.</p>

ANEXO 5: ARTE A SACO.

ARTE A SACO	
EXPERIENCIAS	<p><i>Descubrimos a Arte. Que é un lenzo?</i></p> <p>A mestra ou mestre deixa preparado no recuncho da asemblea un cabalete cun lenzo en branco. Ademais, emprega a caixa dos segredos da aula para meter dentro dela os contos de “<i>Moncho e a mancha</i>” e “<i>O soño de Matías</i>”, un letreiro que leva escrita a palabra arte e, tamén, diferente material relacionado coa pintura (unhas botellas de ténpera líquida de diferentes cores, pinces, unha paleta, unha espátula, etc..).</p> <p>Os nenos e nenas séntanse no corcho en asemblea para ver todo este material e falar sobre el. A mestra ou mestre achega os materiais para que os nenos e nenas os poidan manipular, así poden percibir as diferentes texturas destes. Pregunta se saben o que é o lenzo sen mencionar o seu nome e créase unha choiva de ideas.</p> <p>Despois de manipular todo o material a mestra ou mestre pregunta polo cartel. Deixa que os nenos e nenas se fixen haber se saben que hai escrito nel. Con axuda os nenos e nenas len o que pon e a mestra ou mestre pregúntalles se saben o que é a arte co fin de realizar unha segunda choiva de ideas.</p> <p>Tamén propón ler os contos que hai na caixa de segredos para saber máis sobre a arte. Despois da lectura, pódese crear un debate para chegar a novas ideas.</p>
	<p><i>Investigamos sobre a arte.</i></p> <p>Os nenos e nenas coa axuda da mestra ou mestre buscan na rede ou na biblioteca información sobre a arte, a pintura e escultura, sobre diferentes pintores e escultores. Tamén poden preguntar ás familias e no seu entorno.</p>
	<p><i>Pintamos un lenzo coas mans.</i></p> <p>Organízase un obradoiro de arte para pintar un cadro entre todos. Nunha mesa colócanse pratos de plástico con diferentes cores de ténpera líquida. Unha vez que o neno ou nena escolle a cor coa que quere pintar introduce as mans na pintura. A mestra ou mestre pregúntalle que sente, se lle gusta, se está quente ou fría, se está seca ou mollada,... despois axúdalle ao neno ou nena a deixar as súas pegadas nun folio no que escribe con rotulador o que que cada nena ou neno dixo.</p> <p>A continuación pintan o lenzo estampando as mans nel libremente. Poderán meter as mans na pintura e fretalas para coller mais. É importante deixar que as nenas e nenos experimenten libremente e deixar tempo para a manipulación.</p> <p>O mestre ou mestra encárgase de animar ao alumnado favorecendo a participación deste na actividade, de colgar o folio coas pegadas dos nenos e nenas a secar e de proporcionar pintura suficiente. Despois de pintar, estes irán a lavar as mans.</p>

<p><i>Deixamos pegadas.</i></p>	<p>A docente debe preparar previamente o material para realizar a actividade. Así, coloca un anaco de papel continuo no corcho e varias gabetas con témpera líquida de diferentes cores. Tamén é necesario preparar un balde con auga para lavar os pes e toallíñas. Unha vez preparado todo o material explica a actividade, propón realizar unha gran obra de arte pintando cos pes e os nenos e nenas descálzanse para participar.</p> <p>Coa axuda do profesorado cada neno ou nena mete os pes na gabeta da cor que elixa e deixa as pegadas, primeiro nun folio e despois vainas deixando polo papel continuo a medida que camiña. O folio cólgase para secar e mais tarde anotar nel as sensacións das nenas e nenos.</p> <p>Despois de deixar as súas pegadas no papel, coa axuda do profesor ou profesora lavan os pes nun balde con auga e cálzanse.</p> <p>O papel continuo converterase nun gran cadro que se exporá na aula.</p>
<p><i>Cadros de Texturas.</i></p>	<p>A mestra ou mestre deixa preparadas de ante man gabetas con recortes de diferentes materiais e cartolinas de cores. Os nenos e nenas forman pequenos grupos de traballo. E a aula convértese nun obradoiro.</p> <p>En primeiro lugar, deixa unha gabeta para cada equipo ou mesa de traballo para que os nenos e nenas experimenten e manipulen os diferentes materiais e potenciará que se fixen na súa textura e nas sensacións que lles producen. A continuación, propón realizar unha obra de arte con este material. A mestra ou mestre reparte unha cartolina a cada equipo dunha cor e bótalle cola branca cunha brocha. Así, os nenos e nenas irán pegando os diferentes materiais libremente e os cadros resultantes serán expostos como grandes obras de arte.</p>
<p><i>Pisamos pasta.</i></p>	<p>A mestra ou mestre prepara unha especie de alfombra de pasta sobre o papel continuo (a pasta que se empregue pode estar caducada xa que non é para comer). Esta alfombra deberá ter diferentes partes cada unha formada por un tipo de pasta diferente para que o alumnado poida percibir diferentes sensacións.</p> <p>Unha vez que o espazo está preparado, amósalles a alfombra aos nenos e nenas e pregúntalles se saben de que está feita. Despois proponlles que se descalcen e proben a pisar a pasta. A mestra ou mestre ánimaos a participar na actividade e pregúntalles que senten, se lles gusta ou non, se está branda ou dura, se é suave ou se pincha,...</p>
<p><i>Cadros de pasta.</i></p>	<p>A mestra ou mestre proponlle aos nenos e nenas realizar unha nova obra de arte empregando a pasta da experiencia anterior.</p> <p>Cada neno ou nena elabora o seu propio cadro. A mestra ou mestre encárgase de botarlle cola branca ás cartolinas cunha brocha. E os nenos e nenas irán pegando nela os fideos, os macarróns e os espaguetes.</p> <p>Os nenos e nenas realizan a súa propia obra de arte sen ningunha pauta, así poderán expresarse artisticamente de forma libre.</p>

<p>Visitamos o taller dun artista.</p>	<p>Se é posible realízase unha visita a un taller de arte que estea próximo no entorno. Se se dá o caso de que algún familiar ou coñecido conte co seu propio taller, a visita sería máis significativa para os nenos e nenas.</p>
<p>Experiencias de mil cores.</p>	<p>Nesta experiencia os nenos e nenas experimentarán diferentes sensacións á través de 6 técnicas de pintura diferentes. A mestra ou mestre organiza 6 obradoiros, cada un deles contará co material necesario para desenvolver unha técnica diferente.</p> <p>Antes de realizar estas experiencias a mestra ou mestre conta o conto “<i>El libro negro de los coles</i>”. Trátase dun conto que describe as cores a partir das sensacións producidas polos sentidos do olfacto, gusto, oído e tacto. Este conto esta escrito tamén en braille e na última páxina aparece o alfabeto e os números e símbolos deste.</p> <p>O profesor ou profesora fala cos nenos e nenas do conto para saber que lles pareceu, preguntarlles se saben o que é o braille, falar das persoas cegas,...</p> <p>Despois proponlles realizar obras de arte con pinturas de cores utilizando diferentes técnicas. É importante atender as sensacións producidas polo pracer que supón o gusto pola cor en si mesma e tamén as producidas polo uso de novos materiais sensoriais.</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ <u>Manchas de tinta con filtros de café:</u> Os nenos e nenas collen círculos de papel de filtro nos que pintan con rotulador. Despois bótanlle unha gota de auga e o papel de filtro descompón os pigmentos de cada unha das cores. Os círculos serán de diferentes tamaños e cando estean secos pegaranse nunha cartolina branca creando unha obra de arte a toda cor. ➤ <u>Sopros de pintura:</u> A mestra ou mestre deixa pinturas de diferentes cores nunha cartolina branca e as nenas e nenos sopran encima da pintura para ila estendendo e creando formas cunha palliña. ➤ <u>Salpicar pintura con spray:</u> A mestra ou mestre mete pinturas diluídas en auga en botellas con spray para que os nenos e nenas salpiquen a cartolina de diferentes cores creando uns efectos sorprendentes. ➤ <u>Estampar con esponxa:</u> Os nenos e nenas mollan esponxas de diferentes formas e tamaños en pinturas de diferentes cores e estánpanas sobre unha cartolina branca. ➤ <u>Pintar con rodillos:</u> Os nenos e nenas mollan rodillos de esponxa de diferentes formas en pintura de diferentes cores e pintan con eles nunha cartolina branca. ➤ <u>Pintar con pincel:</u> As nenas e nenos pintan libremente nunha cartolina branca empregando pinces e pinturas de diferentes cores. <p>En todas as experiencias realizadas empréganse cores primarias para que os nenos e nenas poidas ver como se forman cores secundarias. En ningunha das experiencias prima o resultado xa que a experiencia en si é a enriquecedora.</p>

<p><i>O xogo dos artistas.</i></p>	<p>A mestra ou mestre propón un xogo no ximnasio ou pavillón deportivo. Tres nenos ou nenas son artistas e cada un conta cunha colchoneta que é o seu lenzo. Os demais nenos e nenas visten bolsas de plástico de diferentes cores para representar a pintura. As cores corren por todo o espazo e os artistas perséguenas e atrápanas para levalas ao seu lenzo. Cando todos os nenos e nenas están nas colchonetas a mestra fotografía as obras de arte dos artistas.</p>
<p><i>A familia tamén pinta.</i></p>	<p>Probablemente algún familiar dos nenos e nenas teña algunha relación coa arte tanto por afición como por profesión. Se é caso os nenos e nenas poden invitalo a acudir ao centro para, dependendo do caso, falarnos sobre a arte, ensinarnos como pinta, explicarnos como traballa, etc.</p>
<p><i>Imos a unha exposición de arte.</i></p>	<p>Se é posible, realízase unha saída para ver unha exposición de arte nun museo. As posibilidades poden ser moi variadas, pode ser unha exposición de pintura, de escultura ou incluso de ambas. O profesorado, dependendo das posibilidades, escollerá a máis axeitada para o alumnado.</p>
<p><i>Facemos retratos.</i></p>	<p>Tras ver retratos a través da rede ou en algunha exposición o mestre ou mestra proponlles aos nenos que en parellas realicen retratos dos seus compañeiros. Primeiro un será o modelo e o outro o artista e logo cambiarán o rol. Ademais tamén poden facer autoretratos colocándose diante do espello da aula.</p>
<p><i>Debuxamos paisaxes.</i></p>	<p>Tras ver paisaxes a través da rede ou en algunha exposición o mestre ou mestra proponlles aos nenos e nenas saír a fora a contemplar a paisaxe e tentar debuxala.</p>
<p><i>Somos obras de arte.</i></p>	<p>A mestra ou mestre proponlles aos nenos converterse en obras de arte. Para isto colle un panel grande que sirva de fondo e nos que os nenos e nenas poidan colocarse. Unha vez que os nenos elaboran a súa obra sácanlle fotos para inmortalizala. Así, terán que poñerse de acordo en como colocarse, que representar, quen se colocará, quen sacará a foto, etc.</p>

<p><i>Esculturas de barro.</i></p>	<p>Despois de ver esculturas de diferente índole na rede ou en algunha exposición e de investigar sobre elas, a mestra ou mestre proponlles aos nenos e nenas converterse en escultores e realizar esculturas de barro. A actividade consiste en deixar que os nenos e nenas se expresen libremente e experimenten novas sensacións mentres que manipulan un material que lles ofrece unha nova textura. Cando a escultura estea seca a mestra colócaa sobre unha cartolina onde anota o nome do neno ou nena e o que elaborou.</p>
<p><i>Somos estatuas.</i></p>	<p>A mestra explica o xogo das estatuas. Os nenos e nenas están movéndose por todo o espazo ao son da música e cando a mestra a detén, estes convértense en estatuas. Para un maior movemento, o xogo realízase no ximnasio ou pavillón deportivo. Tamén pode realizarse na aula.</p>
<p><i>Realizamos unha exposición de arte.</i></p>	<p>Despois da elaboración de diferentes obras de arte, os nenos e nenas converten o cole nun museo de arte no que expoñen todas as súas creacións. Ademais realizan unhas tarxetas para invitar as familias a ver esta exposición. Así, o centro abrirá as súas portas un día para as familias. Aínda así, para os que non poidan acudir nesta xornada, tamén se pode ver a exposición no momento da entrada e da saída. Os nenos e nenas, por quendas, fan de guías do museo e explican a realización das súas obras. A exposición vaise completando a medida que avanza o curso.</p>

ANEXO 6: AS SENSACIÓNS DAS CORES.

AS SENSACIÓNS DAS CORES	
EXPERIENCIAS	<p><i>As cores durmidas.</i></p> <p>A mestra ou mestre cóntalle aos nenos e nenas unha pequena historia sobre as cores que viven no “país das cores”, dilles que ao principio as cores durmían e proponlles espertalas.</p> <p>Trátase dunha actividade moi visual na que os nenos e nenas experimentan sensacións producidas polo descubrimento das cores.</p> <p>Previamente, o profesor ou profesora terá preparadas botellas de plástico transparente con auga. A actividade consiste en botar dentro da botella témpera líquida da cor que cada nena ou neno escolla. Así verán a témpera dentro da auga como se fose un cordón xa que pola diferenza de densidade entre a auga e a témpera non se mesturan. A mestra ou mestre explica que para espertar a cor hai que axitar moito a botella. Deste xeito, os nenos e nenas realizarán unha mestura e a botella quedará da cor que escolleron.</p> <p>A profesora ou profesor tamén lles di que se deixan a botella moito tempo quieta a cor volverase a durmir (a témpera queda no fondo da botella).</p> <p>Por razóns de seguridade, para evitar que os nenos poidan abrir a botella ou mesmo beber dela, sélase a botella con cinta adhesiva.</p>
	<p><i>Un libro cheo de sensacións.</i></p> <p>Esta experiencia realízase a partir da lectura do conto “<i>Un libro</i>”. Este é un conto moi interactivo que para ser contado é necesario contar coa participación dos nenos e nenas, xa que o propio conto pide que se realicen diferentes accións (tocar, contar, soprar, axitar, dar palmadas, colocar a esquerda e a dereita, etc.). Todo isto faino moi apropiado para este nivel porque ademais traballa con círculos de cores primarias (vermello, azul e amarelo).</p> <p>Despois da lectura do conto, a mestra ou mestre propón realizar a portada do libro con diferentes materiais e para iso entrégalles aos nenos e nenas unha copia da portada que prepara previamente. Nesta aparecen 3 círculos (vermello, amarelo e azul), os nenos enchen cada un dos círculos con diferentes materiais (plastilina, pintura de dedos e gomets ou papel charol). O vermello fano estirando plastilina, o amarelo con pintura de dedos e o azul con gomets.</p> <p>A actividade consiste en experimentar e manipular 3 materiais con diferentes propiedades e texturas. A razón pola que se escollen estes materiais e non outros é porque son moi empregados polos nenos e nenas e están presentes no seu entorno escolar e incluso na casa. A finalidade da experiencia é percibir a mesma sensación, a da suavidade, a través de diferentes texturas.</p> <p>O profesor ou profesora anota ao lado de cada círculo as sensacións percibidas polas nenas e nenos.</p>

<p><i>As cores frías.</i></p>	<p>Antes de realizar esta experiencia a mestra ou mestre prepara cubiños de xeo con colorante alimenticio. Esta tamén pode ser unha experiencia previa para os nenos e nenas xa que poden ser eles os que fagan os cubiños de xeo tinguindo a auga con colorante alimenticio. Os xeos serán das cores primarias (vermello, azul e amarelo) e tamén se poderán elaborar as cores secundarias (verde, laranxa e violeta).</p> <p>A auga tinguíase con colorante alimenticio por razóns de seguridade, así se os nenos e nenas experimentando co xeo o levan á boca non existe ningún risco.</p> <p>Os nenos e nenas forman 3 grupos que se distribúen en tres grandes mesas de traballo. Así, créanse tres obradoiros e en cada un realízase unha experiencia diferente. Os nenos e nenas pasan por cada un deles para poder realizar as tres experiencias.</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ <u>Pintar con cubiños de xeo en papel continuo</u>: Para realizar esta actividade é necesario cubrir a mesa con papel continuo branco. As nenas e nenos collen os xeos coas mans e poden comprobar que ao irse derretendo sobre o papel este vaise tinguindo de cores. ➤ <u>Derreter cubiños de xeo en auga</u>: Os nenos e nenas poden meter os xeos en recipientes con auga fría ou en auga quente comprobando como os xeos arrefrían a auga e ver en cal se derrete primeiro. Ademais poden mesturar xeos de diferentes cores e comprobar de que cor queda a auga. ➤ <u>Pescar cubiños de xeo con coadores</u>: Nesta experiencia colócanse dous baldes de auga grandes con cubiños de xeo. Os nenos e nenas teñen que pescalos con coadores antes de que se derretan.
<p><i>Xelatinas de cores, formas e sabores.</i></p>	<p>Previamente, a docente prepara xelatinas de diferentes cores, sabores e formas para levar a aula. Nas mesas da aula coloca manteis de plástico. Antes de repartir a xelatina, o mestre ou mestra pregúntalle aos nenos e nenas se saben o que é, que cores e que formas ten e tamén pregunta a que poden saber.</p> <p>A profesora ou profesor reparte un prato cheo de xelatinas para cada parella e anima aos nenos e nenas a que a toquen, a que a proben, a que a collan nas mans, a que a ulan, a que a esmaguen, etc.</p> <p>As nenas e nenos poden experimentar e manipular a xelatina libremente. Unha vez finalizada a actividade lavan as mans e a cara e axudan a recoller as mesas.</p>

<p><i>Debullamos granadas.</i></p>	<p>O mestre ou mestra garda dentro da caixa dos segredos un par de granadas e deixa varias peladas e partidas en anacos colocadas en pratos. Durante a asemblea as nenas e nenos ven o que esconde a caixa dos segredos. A profesora ou profesor deixa un tempo para que poidan manipular as granadas favorecendo que se fixen na súa textura, no seu olor, no seu sabor, se é pesada ou é lixeira, se é suave ou rugosa,...</p> <p>Xa sentados nas mesas de traballo, a mestra ou mestre reparte un folio en branco a cada neno e tamén un anaco de grada. A actividade consiste en deixar que as nenas e nenos experimenten coa granada libremente e poidan debullala, saboreala e comela, ulila, esmagala, comprobar como tingue o papel de vermello, etc.</p> <p>O profesorado potenciará que os nenos e nenas se fixen nas características das granadas empregando os sentidos como fonte de sensacións.</p>
<p><i>Froitas cítricas.</i></p>	<p>A mestra ou mestre deixará gardado na caixa dos segredos froitas cítricas (1 limón, 1 lima, 1 laranxa, 1 mandarina e 1 pomelo). Tamén deixará preparados varios pratos con anacos destas 5 froitas.</p> <p>Sentados no corcho ou alfombra, no recuncho da asemblea, amósalles aos nenos e nenas o que se esconde a caixa dos segredos. Despois pregúntalles se coñecen esas froitas, se as comeran algunha vez, e tamén potencia que se fixen nas súas características, se teñen a pel suave ou áspera, se son rugosas, que forma teñen, se son pesadas ou lixeiras, de que cor son,...</p> <p>A continuación, os nenos e nenas sentaranse nas mesas e a mestra ou mestre coloca nelas varios pratos para que os nenos e nenas poidan probalas. A finalidade da actividade non é que coman toda a froita. Trátase de que se animen a probalas, de que as manipulen, de que comprobren que textura teñen, de que descubran cales lle gustan e cales non, etc. Unha vez finalizada a experiencia as nenas e nenos axudan a recoller as mesas.</p>

<p><i>Preparamos unha macedonia.</i></p>	<p>Para levar a cabo esta experiencia uns días antes, a titora ou titor envía unha nota ás familias para informar de que se vai preparar unha macedonia para a merenda e solicitar a súa colaboración. Cada nena ou neno deberá traer a froita que se lles indica (mazá, pera, plátano ou laranxa). Ademais tamén pide que ese día os nenos e nenas non traian outra merenda non sendo un bebiblé.</p> <p>Ates de comezar coa preparación da macedonia, os nenos e nenas ven as diferentes froitas que hai, de que cor son, en que se parecen, en que se distinguen unhas das outras, etc.</p> <p>A mestra ou mestre entrégalles unha ficha coa receita da macedonia na que os nenos e nenas pintan as froitas con ceras.</p> <p>Antes de preparar a macedonia, o profesor ou profesora deberá ter peladas algunhas das froitas xa que os nenos e nenas non poderán facelo. Coa súa axuda, os nenos e nenas cortan en anacos pequenos as diferentes froitas (prestando especialmente atención ao uso do coitelo, coitelos que apenas cortan). Cando toda a froita estea picada, mesturase nun recipiente. Cunha culler bótase a macedonia en vasos de plástico que a mestra ou mestre reparte entre os nenos e nenas xunto cunha culler ou garfo para comer a macedonia.</p>
<p><i>A que saben as cores?</i></p>	<p>Os nenos e nenas séntanse no corcho ou alfombra, en asemblea, e a mestra ou mestre coloca encima dunha mesa pequena pratos con diferentes alimentos (mellor que sexan froitas de diferentes cores: mazá, plátano, limón, pera, laranxa, granada, mandarina, lima, etc. buscando a maior diversidade de cores posible).</p> <p>A mestra ou mestre propón xogar a un xogo no que as nenas e nenos cerran os ollos e abren a boca para comer un anaco dalgún alimento sen velo. Os demais compañeiros e compañeiras poden dar unha pista dicindo de que cor é. Deste xeito, teñen que adiviñar de que alimento se trata sen empregar o sentido da vista (pode ulir, tocar, e sobre todo saborear). Despois do xogo os nenos e nenas poderán comer as froitas que queiran.</p>

<p><i>Descubrimos as cores.</i></p>	<p>A mestra ou mestre deixa preparada unha mesa con vasos de plástico transparentes, unha xerra de auga, culleres de plástico e témperas líquidas de cores primarias (vermello, azul e amarelo). No momento da lectura conta o conto “Pequeno azul e pequeno amarelo”. Este conto explica como 2 cores primarias (azul e amarelo) dan lugar a unha cor secundaria (verde). Ademais este libro serve para traballar a educación en valores. Despois do conto dissolve pintura azul nun vaso e pintura amarela noutra. Nun terceiro vaso, mestura as dúas anteriores facendo así unha representación do sucedido no conto. A continuación proponlles aos nenos e nenas que mesturen as cores para comprobar que cores descubren. Por quendas, achéganse á mesa e realizan unha mestura que ensinan ao resto dos compañeiros. A actividade non consiste en que aprendan que cores primarias deben mesturar para dar lugar ás cores secundarias. Trátase de que a través da manipulación e da experimentación poidan concluír que ao mesturar cores obtemos cores novas. É interesante que os nenos e nenas se divirtan coa experiencia descubriendo novas sensacións a través do sentido da vista.</p>
<p><i>Gafas de cores.</i></p>	<p>Previamente, a mestra ou mestre prepara estruturas de gafas en cartolinas. Os nenos e nenas colócanlle papel celofán de diferentes cores a modo de cristais. Así descubren unha nova textura mentres experimentan coas cores.</p>
<p><i>Luces e sombras.</i></p>	<p>A mestra ou mestre propón xogar cunha lanterna a crear sombras. Despois poderanse proxectar diferentes luces de cores empregando papel celofán e lanternas. Os nenos e nenas experimentan coas diferentes cores á través da luz.</p>
<p><i>Luces de Nadal.</i></p>	<p>Coa chegada do nadal, os nenos e nenas, coa axuda do profesorado decoran a aula con luces de cores.</p>

ANEXO 7: GÚSTAME O CHOCOLATE.

GÚSTAME O CHOCOLATE	
EXPERIENCIAS	<p><i>Gústame o chocolate.</i></p> <p>A mestra ou mestre, na hora da lectura, cóntalles aos nenos e nenas o conto “<i>Gústame o chocolate</i>”. A través desta lectura poden ver os diferentes tipos de chocolate que hai, as diferentes formas de comelo e tamén a importancia de non abusar del.</p> <p>Despois da lectura, o profesor ou profesora preguntalles se lles gusta o chocolate, que chocolate lles gusta máis, como o comen, se o toman moitas veces, como se fai o chocolate, de onde ben, etc. Así, créase un debate no que os nenos e nenas contan que é o que saben sobre este alimento.</p>
	<p><i>Investigamos sobre o chocolate.</i></p> <p>Os nenos e nenas, coa axuda do profesorado, buscan información sobre este alimento na rede ou na biblioteca. Tamén poderán preguntarlle á súa familia. Así, os nenos e nenas descubrirán de onde sae e como se elabora.</p>
	<p><i>Fabas de cacao</i></p> <p>A mestra ou mestre leva á aula fabas de cacao que deixa agochadas na caixa dos segredos. Durante a asemblea amósalles aos nenos e nenas de un en un, e sen que ninguén diga o que viu, o que hai dentro desta. Seguramente, despois de haber buscado información, os nenos e nenas recoñezan as fabas de cacao.</p> <p>Os nenos e nenas poden manipular as fabas de cacao para ver como son, ulilas e tamén poderán probalas para poder comparalas co sabor do chocolate.</p>
	<p><i>Onzas de chocolate.</i></p> <p>Nesta ocasión, a mestra ou mestre agocha na caixa dos segredos tabletas de diferentes chocolates (negro, con leite, branco). Unha vez que lles amosa o que a caixa esconde durante a asemblea, proponlle aos nenos e nenas repartir os chocolates entre todos de xeito que todos coman o mesmo e proben os diferentes tipos. Os nenos e nenas terán que resolver este problema establecendo relacións matemáticas sinxelas para chegar a repartir as onzas de chocolate.</p> <p>Os nenos e nenas proban os diferentes chocolates e amosan o seu agrado ou desagrado ante os diferentes sabores.</p>
	<p><i>Chocolate para beber.</i></p> <p>Os nenos e nenas, coa axuda do profesor ou profesora, disolven cacao en leite quente (non demasiado quente para que non se queimen) e en leite frío para poder comparar onde se dissolve mellor. Para isto empregan vasos de plástico e culleres. Unha vez preparado o chocolate con leite, poden probalo para ver cal lles gusta mais e sentir a sensación do frío e da calor. O chocolate que sobre gárdase nun recipiente para realizar outra experiencia.</p>

<p><i>Pintamos con chocolate.</i></p>	<p>A mestra ou mestre prepara un anaco de papel continuo ou cartolina e proponlle ao alumnado realizar unha obra de arte aromática. Así, as nenas e nenos, por quendas (en parellas ou grupos de 3) pintarán o cadro coas mans empregando o chocolate que sobrou da experiencia anterior. Durante a actividade a mestra ou mestre animará a que as nenas e nenos participen na actividade propiciando que se fixen nas súas características (no seu olor, no seu sabor, na súa textura, etc.) e favorecendo que descubran novas sensacións a partir dos seu sentidos. Cando rematan a súa quenda van lavar as mans. A mestra escribe na parte superior do papel ou da cartolina a palabra chocolate a modo de título.</p>
<p><i>Facemos bombóns.</i></p>	<p>Nesta experiencia, os nenos e nenas realizan bombóns seguindo unha receita moi doada coa axuda do profesorado. As familias aportan os ingredientes necesarios (chocolate, noces, améndoas e abelás) e cada neno ou nena traerá do seu fogar un molde de silicona para cubiños de xeo (poderán ser de diversas formas). Primeiro, os nenos e nenas rompen o chocolate en anacos para derretelo no microondas. Cando o chocolate estea derretido, coa axuda dunha culler botan o chocolate nos moldes. Despois colocan no interior de cada bombón noces, améndoas ou abelás partidas en anacos. Despois rematan de cubrir todos os ocos botando chocolate por encima. Por último déixanse arrefriar os bombóns e cando estean fríos desmoldaranse con coidado. Os nenos e nenas poderán probar un pero o resto levaranllo ás súas familias nun paquete que poden confeccionar eles mesmos. A mestra ou mestre recalca a importancia de no abusar do consumo de chocolate.</p>
<p><i>Fondue de chocolate.</i></p>	<p>Coa colaboración das familias ou o propio profesorado conséguese unha fondue de chocolate para o momento da merenda. Así os nenos e nenas poderán mollar anacos de froita nela (plátano, kiwi, fresas, mazás, laranxa, piña, etc.). Así, ademais da degustación destes alimentos, preténdese facer fincapé na necesidade de comer froita a diario aínda que algún día se coma chocolate.</p>

ANEXO 8: CAFÉ OU TÉ?

CAFÉ OU TÉ?	
EXPERIENCIAS	<p>Grans de café.</p> <p>A mestra ou mestre agocha grans de café na caixa dos segredos. Durante a asemblea, o profesor ou profesora amósalle ao alumnado o que a caixa esconde. Despois de ver os grans de café, deixa que os nenos e nenas os manipulen e o ulan.</p> <p>A mestra ou mestre pregúntalles se saben o que é, de onde sae, como se prepara, etc. Durante a choiva de ideas os nenos e nenas contan o que saben sobre o café.</p>
	<p>Investigamos sobre o café.</p> <p>Coa axuda da mestra ou mestre, os nenos e nenas buscan información sobre o café para saber de onde sae, como se produce, onde se cultiva, as súas propiedades etc. na rede ou na biblioteca e tamén preguntando aos seus familiares.</p>
	<p>Café moído.</p> <p>Os nenos e nenas experimentan mesturando grans de café en auga fría e en auga quente para comprobar que sucede. Despois, coa axuda do profesor ou profesora e dun muiño eléctrico ou manual, os nenos e nenas moen os grans de café. Agora, mesturan o café moído en auga quente e tamén en auga fría.</p>
	<p>Pintamos con café.</p> <p>Co café que os nenos e nenas preparan realízase unha nova experiencia. A mestra ou mestre entrégalles, a cada neno e nenas, unha cartolina branca e un pincel. As pequenas e pequenos mollan os pinceis no café para pintar a cartolina. Unha vez pintada deixan que seque para ver o que sucede. Así, os nenos e nenas poderán descubrir unha cartolina rugosa e descolorida que imita papel moi vello no que poderán debuxar o mesmo mapa dun tesouro. Ademais, o profesor ou profesora pediralles que ulan a cartolina para que comprobem o aroma que deixou o café nela.</p>
	<p>Saquiños de té.</p> <p>A mestra ou mestre agocha saquiños de té na caixa dos segredos. Durante a asemblea, amósallelos aos nenos e nenas e pregúntalles se saben o que son, como se preparan, de onde sae o té, etc. Así, créase un debate no que os pequenos e pequenas expoñen as súas ideas previas.</p>
	<p>Investigamos sobre o té.</p> <p>Coa axuda do profesor ou profesora e empregando a rede ou a biblioteca como fonte de información, as nenas e nenos investigan sobre o té para saber como se prepara, de onde sae, onde se cultiva, como é a súa planta, as súas propiedades, etc. Ademais poden preguntarlle ás súas familias.</p>

<p><i>Preparamos infusiones.</i></p>	<p>A mestra pide a colaboración das familias para traer saquiños de infusiones diferentes (fritos do bosque, menta, té verde, manzanilla, fresa, mazá, etc.). A mestra ou mestre reparte vasos de plástico con auga fría e tamén con auga quente para que os nenos e nenas preparen as infusiones. Así, poderán ver a diferenza entre quente e frío con diferentes sabores. Tamén poden expresar cales lles gustan e cales non.</p>
<p><i>Pintamos con té e limón.</i></p>	<p>Empregando a mesma técnica que co café, os nenos e nenas tinguen unha cartolina branca con té utilizando o pincel. Unha vez seca, a mestra ou mestre pídelles que ulan o aroma que deixou o té nela e ademais proponlles pintar sobre ela con zume de limón para ver o que sucede. Deste xeito, as nenas e nenos poden descubrir como tinguir con té e como destingue o zume de limón.</p>
<p><i>Arte con café ou con té.</i></p>	<p>Despois de todo o que os nenos e nenas aprenderon sobre o café e sobre o té, o profesor ou profesora proponlles realizar unha obra de arte final con cada un destes elementos. A aula convértese nun obradoiro no que os nenos e nenas traballan en dous grupos. Cada un dos grupos comeza a traballar nun dos cadros e logo déixanse secar. No mesmo día ou no seguinte, os grupos cambian de cadro para que todos os nenos e nenas poidan participar nos dous. A mestra ou mestre proporciona o material necesario para cada obradoiro.</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ <u>Cadro de café:</u> Os nenos e nenas pegan, libremente, nunha cartolina ou nun anaco de papel continuo o café en diferentes texturas (en gran, moído e escarchado). A mestra ou mestre axúdalles no emprego do pegamento que eles mesmos colocan coa axuda dun pincel. Ademais escríbelles con pegamento a palabra café como título do cadro para que peguen os grans de café nela. ➤ <u>Cadro de té:</u> Os nenos e nenas pegan, libremente, nunha cartolina ou nun anaco de papel continuo as follas dos diferentes tipos de té, os saquiños destes ou de calquera outro tipo de infusión e mesmo os sobres nos que están gardadas. A mestra ou mestre tamén escribe co pegamento a palabra té como título do cadro para que peguen o té nela.

ANEXO 9: FESTA RACHADA.

FESTA RACHADA	
EXPERIENCIAS	<p><i>O entroido xa está aquí.</i></p> <p>O profesor ou profesora durante a asemblea explícalles aos nenos e nenas que falta pouco tempo para o entroido (pode empregar o calendario da aula para contar os días que faltan para que se celebre o entroido no cole e para ver que días non haberá escola para celebras esta festa). Así, a mestra ou mestre pódelle preguntar aos nenos e nenas se saben que se celebra nesta festa, que alimentos son típicos dela, que cousas hai nas festas, etc. Nesta choiva de ideas, as nenas e nenos explican as súas ideas previas sobre o tema.</p>
	<p><i>Investigamos sobre o entroido e as festas.</i></p> <p>Os nenos e nenas, coa axuda do profesor ou profesora, investigan sobre o entroido e as festas empregando como fonte de información a rede ou a biblioteca. Ademais poden pedirlle información á súa familia.</p>
	<p><i>Receitas do entroido.</i></p> <p>Contando coa colaboración das familias os nenos e nenas poderán traer da súa casa receitas típicas do entroido. Con todas elas faise un receptorio que se comparte coas familias que o desexen.</p>
	<p><i>Preparamos os disfraces.</i></p> <p>A mestra ou mestre proponlle ao alumnado disfrazarse de obras de arte. Os nenos e nenas elaboran os seus disfraces na aula con bolsas de plástico de diferentes cores nas que colocan un cadro que eles mesmos realicen. As familias poden participar nesta tarefa.</p> <p>O profesorado crea un obradoiro para a elaboración dos disfraces nun espazo amplo como aula de usos múltiples, no ximnasio ou na biblioteca. Ademais coloca diferentes tipos de materiais (bolsas de plástico de diferentes cores, cartolinas, tesoiras, pegamentos, pintura de dedos ou témperas, papeis de diferentes texturas, plastilina, purpurinas, esponxas, algodóns, ceras, rotuladores, etc.) para que os disfraces, as obras de arte que van representar, non sexan iguais.</p> <p>Os nenos e nenas invitan ás súas familias para que lles axuden a elaborar os disfraces. Así os nenos e nenas poderán amosar e poñer en práctica todos os coñecementos e destrezas que adquiriron durante a elaboración das diferentes obras de arte que realizaron.</p>
	<p><i>Facemos masa de orellas.</i></p> <p>Na aula, a mestra propón preparar a masa das orellas para que despois as fagan na casa coas súas familias. Esta experiencia está pensada para que os pequenos e pequenas poidan manipular diversos ingredientes como a fariña, o azucre, o aceite, a levadura, etc. Trátase de experimentar con eles prestando atención ás súas características. O importante, non é obter un bo resultado na receita senón que os nenos e nenas descubran e experimenten novas sensacións a través da manipulación destes alimentos.</p>

<p><i>Instrumentos musicais.</i></p>	<p>Despois da festa do entroido, a mestra ou mestre agocha na caixa de segredos un par de instrumentos musicais (pode ser unha pandeireta, un tambor, un xilófono, etc.). Durante a asemblea amosa o que a caixa esconde e pregúntalle aos nenos e nenas se saben o que é, para que se empregan os instrumentos musicais, quen os utiliza, porque se empregan nas festas, etc.</p> <p>Así, créase un debate no que os nenos e nenas expresan as súas ideas previas sobre este tema.</p>
<p><i>Investigamos sobre os instrumentos musicais.</i></p>	<p>Os nenos e nenas poden preguntarlle á súa familia sobre os instrumentos musicais pero, ademais, coa axuda do profesor ou profesora, buscan na rede ou na biblioteca información sobre estes. Así poden ver que hai diferentes tipos de instrumentos musicais e que cada un soa dunha maneira característica.</p>
<p><i>Xogamos cos instrumentos musicais.</i></p>	<p>Con antelación, a mestra ou mestre pídelle ás familias a súa colaboración para que os nenos e nenas traian da súa casa os diferentes xoguetes musicais que teñan. O profesor ou profesora tamén poderá achegar algúns da aula de música ou xoguetes da propia aula.</p> <p>Durante a asemblea cada neno ou nena explica que xoguetes ten e amosa aos demais como se tocan e como soan. Despois, a mestra deixa un tempo para que intercambien os instrumentos e experimenten libremente con eles. Atendendo ao alboroto que se vai formar, despois dun tempo a o profesor ou profesora inicia a volta á calma. Para isto pídelle aos nenos e nenas que deixen os instrumentos, que se deiten no corcho ou alfombra da aula e que pechen os ollos para escoitar o silencio.</p> <p>A mestra ou mestre proponlle ao alumnado deixar por un tempo os xoguetes musicais na aula para xogar con eles no momento do xogo libre. Así, créase o recuncho da música.</p>
<p><i>Que instrumento soa?</i></p>	<p>Empregando os instrumentos musicais, a mestra ou mestre propón un xogo. Todos os nenos e nenas están sentados na alfombra ou no corcho da aula. Nun recuncho desta, que estea ben agochado, colócanse todos os instrumentos. De un en un, cada neno e nena agóchase neste recuncho e toca un instrumento sen que os demais compañeiros e compañeiras o poidan ver. Estes terán que recoñecer de cal se trata escoitando, unicamente, o son que produce.</p>

<p><i>Música corporal.</i></p>	<p>O profesor ou profesora, neste caso, propón unha experiencia musical na que os nenos e nenas empregan as diferentes partes do corpo. Así, a mestra ou mestre amosa como se pode crear música dando palmadas, petando cos pes, facendo chasquidos, batendo a lingua na boca, separando os beizos, etc.</p> <p>A mestra deixa tempo para que os nenos e nenas experimenten libremente cos sons producidos polas diferentes partes do seu corpo. Despois propón ir cambiando o ritmo e a intensidade destes sons, alternado sons rápidos con sons lentos e sons fortes con sons suaves. Para volver á calma, despois do alboroto musical, a mestra propón escoitar o silencio.</p>
<p><i>O xogo dos aros musicais.</i></p>	<p>Este xogo realízase no ximnasio ou no pavillón deportivo, aínda que se as condicións meteorolóxicas o permiten, tamén se pode realizar ao aire libre. O profesor ou profesora reparte aros grandes por todo o espazo e explícalle ao alumnado que vai poñer música e que teñen que moverse por todo o espazo ao son desta segundo sexa rápida ou lenta (no exterior pode ser a mestra ou mestre o que se encargue de dar palmas rápidas ou lentas). Cando a música pare, os nenos e nenas métense dentro dos aros. A mestra ou mestre pode ir eliminando aros para que cada vez teñan que meterse máis nenos dentro dos aros ata que só quede un aro, favorecendo así a cooperación e non a competitividade.</p>
<p><i>Partituras musicais.</i></p>	<p>Para esta experiencia, a mestra ou mestre diseña unhas tarxetas con cartolinas nas que aparece unha clave de sol seguida de círculos grandes ou pequenos. A mestra indica que para tocar a partitura teñen que dar palmadas fortes cando sexan círculos grandes e palmadas suaves cando sexan pequenos. Así, os nenos e nenas asocian as relacións entre grande e pequeno e forte e suave.</p> <p>Ademais, o profesor ou profesora pode ir variando a actividade con ritmos rápidos ou lentos, empregando cadrados en vez de círculos, tocando cos pes en lugar de palmadas, etc.</p>

<p><i>Alimentos musicais.</i></p>	<p>A mestra ou mestre prepara unha mesa con varios cacharros, en cada un deles coloca un puñado de azucre, sal, macarróns, fideos, garbanzos, arroz, lentellas e un pouco de auga nunha botella. Tamén coloca unha cesta cos cubiños de ovos kinder sorpresa que se recolleron, con anterioridade, contando coa colaboración das familias e do alumnado do centro.</p> <p>Durante a asemblea os nenos e nenas achéganse á mesa para manipular estes alimentos atendendo á súa textura ou incluso ao seu sabor (no caso do azucre e a sal).</p> <p>Despois de que todos os nenos e nenas manipulan estes alimentos a mestra ou mestre colle algúns macarróns (ou calquera outro alimento) e méteo dentro dun cubiño de ovo kinder. A continuación, axítao para que os pequenos e pequenas escoiten como soa. Logo proponlle ao alumnado facer o mesmo con todos os cubiños de ovos kinder. Os pequenos e pequenas coa axuda do profesor ou profesora enchen os cubiños cos diferentes alimentos. Así, poden escoitar os diferentes sons que producen. A mestra ou mestre deixa un tempo para que os nenos e nenas xoguen con eles e despois gárdanse no recuncho da música xunto cos instrumentos.</p>
<p><i>A que soa?</i></p>	<p>Nesta experiencia, a mestra ou mestre propón un xogo empregando os cubiños musicais. Durante a asemblea, o profesor ou profesora colle a cesta cos cubiños que os pequenos e pequenas prepararon anteriormente e colócaa no centro. Cada nena e neno, de un en un, colle un cubiño e faino soar para recoñecer que é o que contén a través do sentido do oído. Os demais compañeiros e compañeiras tamén poden dicir o que pensan que hai dentro del. Finalmente a mestra ou mestre abre os cubiños para ver o que conteñen.</p> <p>Os nenos e nenas poden comprobar que o azucre e o sal sonan igual e que para recoñecelos hai que probalos. O importante non é que sexan capaces de recoñecer todos os sons senón que poidan deducir de que alimento pode tratarse xa que é doado confundir o son do arroz co das lentellas pero e fácil distinguir o son da auga do dos macarróns.</p>
<p><i>Facemos unhas maracas.</i></p>	<p>A mestra ou mestre proponlles aos nenos e nenas realizar un instrumento musical, unhas maracas. Para isto, solicita a colaboración das familias pedíndolle un puñado pequeno de arroz e botellas de iogur de beber. O alumnado do centro tamén pode traer a aula as botellas de iogur de beber que consumen durante o recreo.</p> <p>O profesor ou profesora lava as botellas de iogur e cando estas sexan suficientes poderanse elaborar as maracas. Para isto, en primeiro lugar, os pequenos e pequenas decoran as botellas pegando gomets e purpurinas de diferentes cores. Unha vez que estean secas, énchenas co arroz. A mestra ou mestre anima aos nenos e nenas a que toquen as maracas e xoguen con elas. Despois poderanas deixar no recuncho da música e máis tarde levalas para a casa e amosarllas ás súas familias.</p>

ANEXO 10: QUE TAL VEXETAL?

QUE TAL VEXETAL?	
EXPERIENCIAS	<p><i>Alimentos con sentimientos.</i></p> <p>A mestra ou mestre, con anterioridade, agocha na caixa dos segredos o libro “Que tal vexetal? Alimentos con sentimentos.” e tamén algúns vexetais como pementos, cebolas, patacas, etc.</p> <p>Durante a asemblea amósalles aos nenos e nenas o que a caixa dos segredos esconde. Despois de ver o seu contido, o profesor ou profesora cóntalles o conto e falan sobre el. Ademais pregúntalles polos diferentes vexetais, se saben como se chaman, se os comen, se lles gustan, se é bo comelos, de onde veñen, como se cultivan, etc.</p> <p>Así, prodúcese unha choiva de ideas na que os nenos e nenas expoñen as súas ideas previas sobre este tema.</p>
	<p><i>Investigamos sobre os vexetais.</i></p> <p>Coa axuda da mestra ou mestre, os nenos e nenas buscan na rede ou na biblioteca información sobre os vexetais. Ademais tamén lles preguntan ás súas familias.</p> <p>Así, poden coñecer de onde saen, cando se cultivan, como se cultivan, que características teñen, etc.</p>
	<p><i>Arte vexetal.</i></p> <p>Despois de ver distintos cadros con vexetais a mestra ou mestre proponlles aos nenos e nenas que elaboren as súas propias composicións. Os cativos e cativas forman pequenos grupos e o profesor e profesora proporciónalles, a cada un, cartolinas e unha bandexa con vexetais. As familias participan proporcionando diferentes tipos de vexetais e tamén se empregan os da caixa dos segredos.</p> <p>Así, cada grupo coloca os vexetais sobre as cartolinas e despois emprega a cámara de fotos para inmortalizar a súa obra. Despois da foto poderá realizar unha nova creación. Despois de deixar que os nenos e nenas experimenten creando as súas composicións, a mestra ou mestre proxecta as fotografías destas para comentalas entre todos.</p>
	<p><i>Estampamos vexetais.</i></p> <p>O profesor ou profesora propón unha experiencia na que se empregan os vexetais da caixa dos segredos. A mestra ou mestre corta os vexetais e deixa que os estampen nunha cartolina para ver se pintan. Neste momento, o profesor ou profesora favorece que se fixen no aroma que desprenden.</p> <p>Despois proporciónalles pratos con pinturas de diferentes cores para que as nenas e nenos mollen os vexetais nelas e as estampen na cartolina creando unha auténtica obra de arte.</p>

<p><i>Visitamos un invernadoiro.</i></p>	<p>Para esta experiencia pódese contar coa colaboración das familias se algún membro da familia posúe un invernadoiro de uso doméstico. Se é o caso podemos pedirlle que nolo ensine, que nos explique como se planta, como se coida, etc.</p> <p>Independentemente de ver ou non un invernadoiro de uso doméstico, pódense visitar invernadoiros de uso comercial no que se planten grandes extensións de terreo con determinados vexetais. Así, os nenos e nenas poden comparar ambos os dous tipos.</p>
<p><i>Plantamos sementes.</i></p>	<p>A mestra ou mestre propón plantar sementes de diversos vexetais da temporada como tomates e leitugas, por exemplo. Para isto, o profesor ou profesora sae ao patio cos nenos e nenas para que enchan pequenas macetas con terra nas que sementan diferentes vexetais. Así, poden plantar as sementes das cabazas que se gardaron no samaín. Os nenos e nenas encárganse de regar para que saian as plantas.</p>
<p><i>Fabas, garbanzos e lentellas.</i></p>	<p>Con antelación, a mestra solicita a colaboración das familias para que cada neno e nena traia un vaso de iogur baleiro, un anaco de algodón e unhas fabas, garbanzos ou lentellas.</p> <p>Na aula, os nenos e nenas colocan o algodón e unha ou dúas fabas, garbanzos ou lentellas dentro do vaso de iogur. Despois vótanlle unhas gotas de auga para humedecer o algodón.</p> <p>Nos vindeiros días, os nenos e nenas encárganse de humedecer o algodón e ademais realizan un seguimento fotográfico de todo o proceso.</p>
<p><i>Plantamos a horta.</i></p>	<p>Unha vez que comezan a saír as plantas, a mestra ou mestre propón preparar unha horta ou pequeno invernadoiro. Así, os nenos e nenas traballan a terra para poder plantar todas as plantas que eles mesmos cultivaron. Ademais poden plantar outras como amorodos, framboesas, pementos, etc.</p> <p>Ao longo do curso, os nenos e nenas encárganse do coidado da horta. Terán unha regadeira coa que por quendas irán regando os cultivos.</p>

ANEXO 11: EN ABRIL FLORES MIL.

EN ABRIL FLORES MIL		
EXPERIENCIAS	<p><i>Ole a primavera.</i></p>	<p>Durante a assemblea, o mestre ou mestra fala da chegada da primavera e pregúntalles aos nenos e nenas que sucede nesta estación para coñecer as súas ideas previas.</p> <p>Despois, propón saír ao exterior a explorar e ver se chegou a primavera e se xa saíron as flores. Así, os nenos e nenas poden fixarse nos cambios da paisaxe, ulir as flores, escoitar os paxaros, etc.</p> <p>Os nenos e nenas realizan fotografías que mais tarde se poden comentar na aula entre todos.</p>
	<p><i>Flores de cores.</i></p>	<p>Para realizar esta experiencia, a mestra ou mestre, con antelación, solicita a colaboración das familias para que os nenos e nenas traian algunhas flores á aula. Na assemblea, as pequenas e pequenos amosaránlles aos demais compañeiros e compañeiras as flores que trouxeron. Así poderán manipulalas, ulilas, fixarse nas súas cores, na suavidade dos seus pétalos, nas cóxegas que fan, etc.</p> <p>Despois, deixámolas nun floreiro con auga xa que as empregaremos noutras experiencias.</p>
	<p><i>Tinguimos flores brancas.</i></p>	<p>Para realizar esta experiencia son necesarias flores brancas (tamén se pide de antemán que unha das flores que traen os nenos e nenas sexa de cor branco) e colorantes alimenticios.</p> <p>Cada neno e nena prepara un vaso de plástico transparente con auga aos que lle engaden unhas gotas de colorante alimenticio. Despois deixan nel a flor para ver o que sucede. Así, ao día seguinte poderán ver como a flor se tinguiu da cor que tiña a auga do vaso.</p>
	<p><i>Aroma de pétalos.</i></p>	<p>Nesta ocasión a mestra ou mestre propón coller os pétalos das flores e colocalos en vasos con unhas gotas de auga. Despois os nenos e nenas machúcanos cunha culler ata desfacelos.</p> <p>Unha vez machucados, os nenos e nenas uliranos para ver o forte olor que desprenden. Poden intercambialos para comprobar o olor que deixan os pétalos de cada tipo de flor. Estes vasos aromáticos deixaranse uns días na aula a modo de ambientador natural.</p>
	<p><i>Pintamos con pétalos</i></p>	<p>A mestra ou mestre repártelle un folio ou cartolina de cor branca a cada neno ou nena e ademais coloca nas mesas pratos con pétalos de diferentes flores e cores. Con eles os nenos e nenas poderán tinguir a súa cartolina creando unha nova obra de arte aromática. Así, ven as cores que crean e o aroma que deixan no papel.</p>

<i>Visita dun xardineiro.</i>	Contando coa colaboración das familias (se o caso dalgún familiar xardineiro ou xardineira) ou da comunidade educativa (o xardineiro ou xardineira do cole), a mestra ou mestre propón a visita dun xardineiro ou xardineira para que nos explique como traballa, como se coidan as flores e os xardíns, que necesitan estas plantas, etc.
<i>Plantamos flores no xardín.</i>	Despois da visita do xardineiro ou xardineira, a mestra ou mestre proponlle ao alumnado crear un xardín propio plantando diferentes flores, igual que se fixo coa horta. Os nenos e nenas encargaranse de coidar e regar as flores.
<i>Arte floral.</i>	Para esta experiencia créase un obradoiro no que os nenos e nenas elaboran ramos de flores dende un punto de vista artístico. Para isto, cóntase coa colaboración dalgún familiar (aficionado ou profesional) ou dalgunha florería en particular que queira participar na actividade. Ao finalizar o obradoiro realízanse fotos das diferentes creacións que os nenos e nenas levan para os seus fogares.

ANEXO 12: ESPECIAS SURTIDAS.

ESPECIAS SURTIDAS	
EXPERIENCIAS	<p><i>Tarros de especias.</i></p> <p>A mestra ou mestre agocha na caixa dos segredos tarros con diferentes especias (canela, orégano, tomillo, pementa, pemento, azafrán, allo, vainilla, cominos, curry, perexil, etc.)</p> <p>Durante a asemblea, amósalles aos pequenos e pequenas o que a caixa dos segredos esconde e preguntalles se saben o que son, para que se empregan, de onde saen, cales son as súas propiedades, etc. Así, créase unha choiva de ideas na que a mestra ou mestre explora as ideas previas dos nenos e nenas.</p> <p>Os nenos e nenas poderán ulir as diferentes especias expresando o seu agrado ou desagrado ante os diferentes olores.</p>
	<p><i>Investigamos sobre as especias.</i></p> <p>Coa axuda do profesor ou profesora, os nenos e nenas buscan información sobre as especias na rede ou na biblioteca para saber de onde veñen, para que se empregan, que propiedades posúen, etc.</p> <p>Ademais poden preguntarlle ás súas familias. Se é o caso do centro, pódese contar coa colaboración das cociñeiras e cociñeiros. Así os nenos e nenas achéganse á cociña para pedirllas información.</p>
	<p><i>Paisaxe aromática.</i></p> <p>A mestra ou mestre propón realizar unha paisaxe aromática coas especias e con outros alimentos empregados en proxectos anteriores (cacao, café, te, manzanilla, azucre, etc.).</p> <p>Para esta experiencia créase un obradoiro ou recuncho polo que pasan todos os nenos e nenas en grupos ao longo da semana, xa que é preciso ir deixando secar a obra de arte.</p> <p>O mestre ou mestra debuxa unha paisaxe sinxela nunha cartolina branca. As nenas e nenos pegan diferentes especias que se escollen para cada elemento do cadro. O interesante da actividade non é a obra de arte en si mesma, xa que se trata dunha obra dirixida. A importancia recae na experimentación e manipulación de diferentes sustancias que favorecen o desenvolvemento dos sentidos. Así, a mestra ou mestre fará fincapé en que os nenos e nenas presten atención aos olores, texturas e incluso sabores destes elementos.</p>

A que ole?

Previamente, a mestra ou mestre elabora os vasos de olores. Para isto mete dentro de cada vaso de plástico opaco unha substancia diferente (canela, cacao, orégano, pementa, té, manzanilla, café, etc.). As substancias que se escollen son especias e outros alimentos cos que se traballou en actividades anteriores. Despois tápaos cun folio e sélaos con cinta adhesiva ou celo. Para que o papel se impregne do olor débense deixar boca a baixo.

Na aula a mestra ou mestre propón un xogo cos vasos de olores. En asemblea, de un en un, os nenos e nenas escollen un vaso para intentar recoñecer que substancia hai dentro empregando o sentido do olfacto. Cada neno e nena que sae a coller un vaso pode deixarllo ulir aos demais compañeiros e compañeiras para que tamén opinen de que substancia se trata.

O importante non é que recoñezan todos os elementos que hai dentro dos vasos senón que distingan os diferentes olores e así desenvolvan o sentido do olfacto.

ANEXO 13: XARDÍN AROMÁTICO.

XARDÍN AROMÁTICO	
EXPERIENCIAS	<p><i>Plantas aromáticas.</i></p> <p>A mestra ou mestre agocha na caixa dos segredos ramas pequenas de diferentes plantas aromáticas (perexil, orégano, tomillo, romero, fiúncho, menta, lavanda, etc.).</p> <p>Durante a asemblea, o profesor ou profesora amósalles o contido da caixa e pregúntalles se saben o que é, para que serven, como son as plantas, etc. Así, pode explorar as ideas previas dos nenos e nenas.</p>
	<p><i>Investigamos sobre as plantas aromáticas</i></p> <p>As nenas e nenos, coa axuda do profesor ou profesora buscan na rede ou na biblioteca información sobre estas plantas para coñecer como son, como se cultivan, para que se empregan, cales son as súas propiedades, onde as podemos atopar, etc.</p> <p>Ademais de poder reclamar información no seu entorno familiar, tamén poden preguntarlle ao xardineiro ou xardineira do centro, se é o caso.</p>
	<p><i>Un libro aromático.</i></p> <p>A mestra ou mestre proponlle ao alumnado elaborar un libro que recolla as diferentes plantas aromáticas cos seus nomes e as súas propiedades. Así a medida que investigan sobre diferentes plantas elaboran a súa correspondente ficha. Se o entorno o permite, os nenos e nenas saen ao medio natural mais próximo acompañados do mestre ou mestra para recoller as plantas que se colocan no libro. As familias tamén poderán participar axudando a atopalas.</p>
	<p><i>Visitamos un viveiro</i></p> <p>Os nenos e nenas visitan un viveiro para ver como se cultivan as plantas, como se coidan, como se deben plantar, onde é mellor que se planten, etc. Nel mércanse plantas aromáticas para a elaboración dun xardín aromático no centro.</p>
	<p><i>Creamos un xardín aromático.</i></p> <p>Os nenos e nenas coa axuda do profesorado e coa colaboración das familias e do xardineiro ou xardineira, se é o caso, plantan un xardín aromático no centro. Atendendo á estética deste, as plantas irán formando unha espiral na que os nenos e nenas se poderán ir introducindo.</p>
	<p><i>Sesión de relaxación aromática.</i></p> <p>Dentro da aula, acomódase a zona do corcho ou alfombra con coxíns (poden ser coxíns aromáticos) e colócase lavanda. Os nenos e nenas déitanse cos ollos pechados mentres a mestra realiza unha narración relaxante.</p>

ANEXO 14: FROITOS VERMELLOS: AMORODOS, FRAMBOESAS E CEREIXAS.

FROITOS VERMELLOS: AMORODOS, FRAMBOESAS E CEREIXAS	
EXPERIENCIAS	<p><i>Tarros de marmelada.</i></p> <p>A mestra ou mestre agocha na caixa dos segredos tarros de marmelada de diferentes froitas vermellas tales como os amorodos, as framboesas e as cereixas.</p> <p>Durante a asemblea amósalle aos nenos e nenas o que a caixa esconde e invítaos a probalas. Así, realízase unha cata de marmeladas na que os pequenos e pequenas poderán expresar o que lles agrada e o que non.</p>
	<p><i>Amorodos con nata.</i></p> <p>Durante a asemblea, a mestra ou mestre proponlle aos nenos e nenas preparar amorodos con nata para merendar. Así, pregúntalles se saben o que é a nata, de onde sae, como se prepara, etc. Os nenos e nenas poden buscar información na rede, coa axuda do profesor ou profesora, sobre a preparación desta receita.</p> <p>A mestra ou mestre bota nun recipiente a metade da nata líquida para que os nenos e nenas a monten coa axuda dunha batidora. Así, descubren unha nova textura.</p> <p>Despois botan noutro recipiente a outra metade da nata líquida, engádenlle azucre e móntana empregando a batidora.</p> <p>A mestra ou mestre déixalles que proben as natas para ver a diferenza entre a que leva azucre e a que non. Despois distribúeas polas mesas en pratos de plástico sen indicar cal leva azucre e cal non. Tamén distribúe pratos con amorodos para que os nenos e nenas mollen na nata.</p> <p>O alumnado poderá experimentar e manipular libremente coa nata, comela, esmagala, ulila, etc. Cando se remate a experiencia os nenos e nenas irán asearse.</p>
	<p><i>Amorodos silvestres.</i></p> <p>Se o entorno o permite, a mestra ou mestre proponlle ao alumnado saír a recoller amorodos silvestres para a merenda. Os nenos e nenas poderán ver a diferenza de tamaño que hai cos amorodos comúns e tamén a diferenza de sabor.</p>
	<p><i>Amorodos, framboesas e cereixas.</i></p> <p>Nesta experiencia, a mestra ou mestre proporciónalles aos nenos e nenas cartolinas brancas e ademais coloca nas mesas diferentes froitos vermellos (amorodos, framboesas e cereixas).</p> <p>A actividade consiste en que os nenos e nenas experimenten libremente con estes froitos, que os manipulen, os proben, os machuquen e os arrastren pola cartolina comprobando como esta se tingue de vermello deixando o seu aroma nela.</p> <p>No caso das cereixas terase especial coidado (se é necesario retíraselle a pedra con antelación).</p>

<p><i>Iogur con froitos vermellos.</i></p>	<p>Nesta experiencia a mestra propón realizar iogur con froitos vermellos. Para isto conséguese unha iogureira contando coa colaboración das familias ou do propio profesorado.</p> <p>Os nenos e nenas poderán preparar iogures empregando leite e iogur natural. Así poderán ver a transformación do leite no proceso de elaboración do iogur.</p> <p>Unha vez elaborados, os nenos e nenas engaden froitos vermellos en anacos aos iogures e poden comelos na hora da merenda.</p>
<p><i>Cata de cereixas.</i></p>	<p>A mestra ou mestre pide a colaboración das familias para que os nenos e nenas traian un puñado de cereixas pero de diferentes tipos. Na aula, o profesor ou profesora propón realizar unha cata para probar os diferentes tipos de cereixa, ademais tamén propicia que se fixen na intensidade da súa cor vermella, no seu tamaño, no rabo, na diferenza das pedras, etc.</p>
<p><i>Arte con cereixas</i></p>	<p>O profesor ou profesora propón realizar unha nova obra de arte na que os nenos e nenas poden expresarse libremente pegando os rabos das cereixas en cartolinas.</p>
<p><i>Sacos térmicos.</i></p>	<p>Con bastante antelación, a mestra ou mestre solicita a colaboración das familias, profesores e alumnado do centro para recoller todas as pedras de cereixas posibles.</p> <p>Cando sexan suficientes, os nenos e nenas enchen con elas pequenos sacos térmicos que se poden quentar no microondas ou arrefriar no conxelador. Unha vez realizados probamos a quentalos e arrefrialos e experimentar a sensación de frío e de calor.</p> <p>Despois poderán levarlos para a casa onde poderán ser de gran utilidade para a dor.</p>

ANEXO 15: UN VERÁN NA PRAIA.

UN VERÁN NA PRAIA		
EXPERIENCIAS	<p><i>No verán gústanos a praia.</i></p>	<p>A mestra ou mestra, nesta ocasión, agocha na caixa de segredos un tarro con area, cunchas de diferentes formas e tamén pode agochar xoguets da praia, un traxe de baño, unhas gafas de sol, crema solar, unha toalla, unha viseira, etc.</p> <p>Durante a asemblea amósalles o que a caixa esconde e pregúntalles de que son todas esas cousas, onde se empregan, que se fai con elas, porque se usan, etc. Así, os nenos e nenas poden relacionar todo o contido da caixa coa praia mentres que a mestra ou mestre coñece as ideas previas dos pequenos e pequenas.</p> <p>A mestra deixará que manipulen a area favorecendo que se fixen na súa textura.</p>
	<p><i>Polbos e peixes.</i></p>	<p>O profesor ou profesora propón un xogo, para realizar no patio ou no pavillón deportivo, no que dous nenos ou nenas se convierten en polbos mentres que o resto dos compañeiros e compañeiras son peixes que nadan polo fondo mariño. Os polbos atrapan os peixes cos seus tentáculos mentres que os peixes nadan a toda velocidade polo espazo. Os peixes atrapados convértense en polbos e o xogo remata cando non queda ningún peixe.</p>
	<p><i>Relaxación cos sons da praia.</i></p>	<p>Despois da actividade anterior, os nenos e nenas déitanse na alfombra da aula. A mestra ou mestre pídelles que pechen os ollos e que imaxinen que están na praia tomando o sol. Así, realiza unha narración relaxante acompañada de sons da praia que axudan aos nenos e nenas a imaxinar a situación e a relaxarse.</p>
	<p><i>Reloxos de area.</i></p>	<p>A mestra ou mestre leva á aula un reloxo de area e pregúntalle ao alumnado se sabe que é, para que se emprega, como se usa, etc.</p> <p>Despois de ver que serve para medir o tempo, a mestra ou mestre proponlles aos nenos e nenas realizar o seu propio reloxo de area. Para isto, solicita de antemán a colaboración das familias para que cada neno ou nena traia á escola dúas botellas de plástico transparente. Así, poden manipular a area e metela dentro dunha delas e o profesor ou profesora encárgase de unilas polas bocas para que a area pase dun lado ao outro.</p>

<p><i>Visitamos a praia.</i></p>	<p>A mestra ou mestre propón ir a visitar a praia. Unha vez alí, favorece que se fixen na textura da area que poden coller coas mans e sentir baixo os pes descalzos e no olor da praia propiciando que respiren aire fresco. Ademais deixa que os nenos e nenas recollan algunhas cunchas e algas mariñas que estean secas para levalas á aula. Tamén deixa tempo para que experimenten libremente as sensacións que lles produce o contacto con este entorno.</p> <p>Os nenos e nenas poden arrolarse pola area, xogar con ela, comprobar a diferenza entre a area seca e a area mollada, etc.</p> <p>Os nenos e nenas empregan a cámara de fotos para realizar fotos da paisaxe e dos elementos que a conforman, poden facer fotos de todo o que lles chame a atención para despois velas e comentalas na aula entre todos e todas.</p>
<p><i>Facemos esculturas con area.</i></p>	<p>Aproveitando a saída a praia, o profesor ou profesora propón realizar esculturas de area. Así cada neno ou nena pode realizar a súa propia empregando a area mollada e as súas mans.</p> <p>Trátase de que as nenas e nenos realicen unha creación libre ao mesmo tempo que experimentan e manipulan area mollada. Unha vez finalizadas as súas esculturas realizarán fotos para poder levalas á aula.</p>
<p><i>Cadro mariño.</i></p>	<p>Os nenos e nenas realizan unha obra de arte pegando nunha cartolina diferentes elementos da praia tales como area, cunchas ou incluso algas secas. Así crearán unha composición libre na que os nenos e nenas poden experimentar as sensacións producidas pola textura ou olor destes elementos.</p>
<p><i>Álbum fotográfico.</i></p>	<p>Coas fotos realizadas, os nenos e nenas crean un álbum fotográfico da súa visita a praia ao que as familias terán acceso de forma dixital.</p>

ANEXO 16: ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES
✓ Parras cheas de uvas (ver anexo 2).	✓ Imos a unha exposición de arte (ver anexo 5).
✓ Visita dun apicultor (ver anexo 3).	
✓ Celebración do samaín (ver anexo 4).	✓ Visitamos a praia (ver anexo 15).
✓ Visitamos o taller dun artista (ver anexo 5).	
✓ A familia tamén pinta (ver anexo 5).	
✓ Celebración do entroido (ver anexo 9).	
✓ Visitamos un invernadoiro (ver anexo 10).	
✓ Visita dun xardineiro (ver anexo 11).	
✓ Visitamos un viveiro (ver anexo 13).	